


NUM. 10

20-IV-22

nós.



CASTELÃO

NÓS

BOLETÍN MENSUAL DA CULTURA GALEGA, ÓRGÃO DA SOCIEDADE "NÓS."

DIREITOR:

Vicente Risco

REDAUTOR-CHefe:

Xavier Prado (Lameiro)

SEGREDARIO DA REDAUCIÓN:

Xulio Gallego

REDAUTORES:

Ramón Cabanillas, Alfonso R. Castelao, Antón Losada Diéguez, Ramón Otero Pedrayo, Florentino L. Cuevillas, Leuter González Salgado

XERENTE:

Arturo Noguerol

SUB-XERENTE

Alfonso V. Monxardín

COLABORADORES:

Teixeira de Pascoaes, Johan Viqueira, Philéas Lebesgue, Leonardo Rodríguez, Antón Villar Ponte, Wenceslao Fernández Flórez, Xaime Quintanilla, Antón Noriega Varela, Gonzalo Abente, Manoel Banet Fontela, Lois Peña Novo, Eladio Rodríguez González, Ernesto Rivera, Marqués de Figueras, Antón Palacios, Leonardo Coimbra, Amador Villar, Alvaro Cebreiro, Alexandre de Córdova, J. Cervaens Rodrigues, Xulio A. Cuevillas, Victoriano Taibo, Xulio Prieto, Xosé Fernández Martínez, Farruco Lamas, etc., etc.

REDUCIÓN Y-ADMINISTRACIÓN

Padre Feixóo, 12

ABONAMENTO

Doce números, na Península.	6 ptas.
Na Argentina.	6 pesos
En Cuba	3 dolars
Números atrasados 1 petas. Número sólo, 60 cts.	

Iste boletín non publica mais orixinais que os que foran directamente solicitados pol-a Dirección.—Tampouco se fai solidario das ideas n-elas emitidas, non sendo des que por non iren firmados, enténdense que son da Redacción.

SUMARIO

Do meu diario, CASTELAO.
Na exposición Lamas, EUXENIO MONTES.
Na exposición Castelao, ARTURO NOGUEROL.
Politeca arancelaria, A. N.
Sección Arqueolóxica, F. L. CUEVILLAS
A Compostela dos docentes.
Os homes, os feitos, as verbas, pol-a REDAUCIÓN.
Fora de texto:
Augaforte, XULIO PRIETO.
Dibujo á carbón, FARRUCO LAMAS.
Para que sirva de exemplo, dibuxos de CAMILO DÍAZ, versos de VICTORIANO TAIBO.

NOS

SAMANIEGO ♦ FOTÓGRAFO DE MODA

Luis Espada, núm. 13 - OURENSE

MANUEL SEOANE

AXENCIA DE FERROCARRILES

Madeiras labradas de todas clases

Mécanse APEAS pra minas

Ponte Mayor - OURENSE

FAGA AS SUAS OPERACIÓNS COMERCIALES

CO' AS CASAS QUE S'ANUNCIE' NO

NOS

A revista NOS pon todo o seu empeño en non publicar anuncios mais que de comerciantes formales. Quere que a sua publicidade sexa un guía honrado do público: cando un banco, por exemplo, solicita que lle publiquen un anuncio, fai unha investigación directa pra se cerciorare de que a suma representada pol-os depósitos y-as contas corrientes non pasa do importe do diñeiro en caixa e dos valores en carteira realizabres no prazo máisimo de 90 días e de que o numerario eisistente na caixa non baixa da cuarta parte do importe dos depósitos e das contas corrientes a metálico. Esta é unha medida de protección pr' os nosos lectores, especialmente pr' os das Américas, a fin de que os seus aforros non sexan inmovilizados, nin empregados en negocios d' azar.

LUIS GALLEGGO-Procador

DASE PRESA NO DESPACHO DE TODA CRAS D'ASUNTOS

LUIS ESPADA, NÚMERO 9.-OURENSE

NOS

GRAN "HOTEL MIÑO," OURENSE

O ÚNECO DA CAPITAL CON CALEFAUCIÓN CENTRAL
AMPLIAS HABITACIÓNS :: COARTOS DE BAÑO
PENSIÓN COMPRETA DENDE 12 A 60 PESETAS

Propietario: ANDRÉS PERILLE :: Teléfono 21

Merquen: PLUMEIROS DE RAFIA "PERILLE,"

OS DE MAIS DURA, OS QUE MILLOR LIMPAM, OS MAIS ECONÓMICOS

BOAS UTILIDADS OS REVENDEDORES

FABRICANTE

ANDRÉS PERILLE
OURENSE (España)

Clave A. B. C., 5.ª edición

REPERSENTANTE N - A ARGENTINA

JOSÉ MARTÍN

Calle Venezuela, 926

BUENOS AIRES

Casa "PERILLE,"

FERRETERIA :: LOUZA :: CRISTAL
MOEBLES ECONOMECS E DE LUXO

FRABICACION DE COLCHÓS PATENTADOS

Vestede pode montar a sua casa con sojo visitar iste establecimiento, obtendo o maximum d' economía.

Paz NÓVOA, 9 - OURENSE



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA, ÓRGÃO
DA SOCIEDADE "NÓS,,


Ano III

Ourense 20 de Abril 1922

Núm. 10

DO MEU DIARIO

Dend' o mes de Xaneiro ó mes de San Xoán, en París



Decididamente eu son nemi-
go das cidades. Istes *Fiadé-
ques Mendes* e istas mulleres
de beizos pintados, que fin-
xen o pracer e non-o sinten
—coma dixo Quevedo—dan-
me fonda tristura. ¡París!

Haivos no meu Hotel unha
gata que and' á xaneira; pero eu coído que o
finxe.

As pedras de París non teñen tona com' as da
miña Terra; as nosas Elrexas e Catedraes están
cobertas por unha pelexa tan rica com' as pe-
dras mesmas. Iste *cuño do tempo* non s' atopa en
París, anque a y-auga decote deit' á fio dend' un
ceo borrallento. A choiva en París sirve pra
laval-as pedras, deixando n-elas os regos da
ferruxe. Os edificios de París non teñen *tempo*
e tanto poden ser verdadeiros coma falsificados.

Diante das 3.632 obras que compoñen o *Salon
des Artistes independants* os meus miolos quedá-
ronme com' as papas. Teño moito respecto pol-as
 cousas que non entendo e ademáis, non quixera
 facer coma isas señoras que odian as modas e
 que sempre vístén á moda que acaba de pasar;
 per'o esforzo da miña boa vountade non me
 sirveu de nada e os meus ollos saíron menos
 cansos qu' a miñ' atención. Cicais os artistas que
 fan cousas *pour épater le bourgeois* atopen, sen

buscal-os, novos camiños pr' o Arte e iso abonda
 pra seren meritorios os seus traballos, anque os
 seus corpos sobrevivan ós seus éxitos. Diante
 d' unha *tolería* eu non me río por desprecio e si
 o fago será porque a condenada fame cóchegas.
 O que non pudo ademitil-a miña sensibilidade
 artística foron os asuntos parvos e os encoiros
 noxentos da pintura *passéiste*. Un d' istes cadros
 que non podo describir por respecto ós lectores,
 representa unha muller encoira e noxenta aínda
 para estampar n' un tratado de Tocoloxía; can-
 do lin o título de *La femme enceinte* non puden
 reprimir ista frase:—Velahi o retrato da nai do
 autor.

N-iste Salón trunf' a cōr por riba de todo;
 pero... ¿a cōr non é un elemento femia?

Todal-as novas tendencias están alí repre-
 sentadas, dend' o *futurismo* deic' o... *dadaismo*.
 Un cadro futurista de Henry Valensi, *Expression
 de l' auto sur la route*, é intresante: unha paisaxe
 moi engadellada nos primeiros términos deixan-
 do entrever os radios d' unha circunferencia que
 ten o seu centro n-un punto do hourizonte; as
 líneas-forzas, de que falou Boccioni, están repre-
 sentadas por ises radios que nos donan a sensa-
 ción dos sulcos do arado perpendiculares ó ca-
 miño por onde corremos e que, c' un pouco de
 imaxinación, fannos viaxar en auto.

«Se os nosos cadros son futuristas é porque
 son o resultado de concepcións éticas, políticas

e sociaes enteiramente futuristas»; e así decían eles no manifesto espallado en París o ano 1911. Mais eu non coido que sexa futurista ollar as cousas dende un auto; iso xa é de máis, presentista. Eu agardo que despois de tanta velocidade o signo de forza e de grande potencialidade—coma dix' o noso Lousada Diegues—sexa camiñar á pé «deténdose con agarimo á carón de toda cousa da Natureza». Certo é que «a fotografía ven demostrando a parvada do realismo»; pero logo apareceu o cinema que ven sendo un cadro no que se pode fitar coma un puntillismo no horizonte vaise convertindo, pouco a pouco, nun tren enorme que pasa fuxindo vertixinosamente diante do primeiro plano, cos seus viaxeiros que nos din adeus con panos brancos dende as ventaniñas. Pois ben; se os futuristas falan da fotografía, pra se moquearen dos artistas que aínda traballan con modelo, tamén poderían falárselles do cine dos futuristas, ou é que os futuristas poden aventaxar nun cadro a velocidade que se pode ollar nun *film*?

Unha das conclusións máis interesantes do manifesto futurista, repartido diante do teatro Chiarella de Turín en 1910, foi «contr' o encoiro en pintura, tan noxento, tan engullante xa, com' o adulterio en literatura» e pedían, por dous anos, a supresión do encoiro en pintura. E n-iso teñen moita, moita razón.

Hoxe cheguei diante da *Venus de Milo*. Eu xa facía moito tempo que lle dera o bico de despedida; pero quixen vel-a. A probe está feita un fregaduxo. Ten o coiro cheo de carafunchos e a súa pelexa é com' a d' un bombo vello; ela, que nunca tivo máis que superficie... Está grandona, sosona, comellona, grasenta. Quen queira conservar a ilusión que non-a vexa. En troques d' ista estatua, toda de mármore, aparece no Louvre a *Vitoria de Samotracia* chea de forza interior. Está na proa d' un barco e mesmamente parece qu' o barco andaría enriba da y-auga sómentes con Ela, sen velas, sen motor, sen nada máis qu' a súa forza.

Nota importante: custoume traballo atopar unha reprodución da *Vitoria de Samotracia* tal como está enriba do barco. Todas as reproducións qu' están á venda amosan a *forma* e non a *forza*.

Camiñar de Grecia ó Exipto no Museum do Louvre é ir car' o espírito. Ir do Louvre ó *Luxembourg* é facer un viaxe ó cemiterio de Bós-Aires. A selección d' escultura do *Luxembourg*, mesta de carne humán en mármore, semella un cemiterio de xente rica, malcriada e sicalíptica.

No Museum Rodin e ollando a *Porta do inferno*, soño querido do xenial francés, lembrei-me do *Pórtico da Gloria* de Mateos. ¡Que diferenza! Rodin quixo engader á vella tradición unha nova tradición; pero ben pudo rifar con ela se non había de pillar-a máis atrás. A estatua exipcia chamada do *Escriba sentado*, que data da V dinastía—total de cinco a sete mil anos—ben demostra que a escultura camiñou com' o cangrexo.

Xa fitei a *Tour Eiffel* que me pareceu unha grua moi grande, moi grande, feita por un inxenheiro. Un momento erguldo ás ideas do século XIX.

Os sabios da Francia están tan mal pagados que son meus compañeiros de *restaurant*. Un sabio de Francia levaba o outro día unha espiña de peixe pegada na cueira do pantalón.

Amañeceu todo còr de borralla. N-iste día, as galiñas non deberon saír dos galiñeiros. Coma de cote a morriña empurroume á *Notre Dame*; ali, olland' os chapéus dos defuntos cardeais de París pendurados do teito da catedral (o derraideiro está novo, os demais xa son farrapos), adquirín a seguranza de que Deus eisiste e tamén o demo. Ouh, París é triste; tamén é triste que os que viven ista vida non se decaten da súa tristura.

Canto escribín da pintura francesa non me arrisco a publicá-la. Abonda decir que cantas admiracións de segunda man trouxen, fóronse desfrangullando pouco á pouco.

O home do vaso de viño, isa xoya do Louvre, aínda figura coma da escola francesa do xv, cando xa se sabe qu' é do noso Nuño Gonzalves.

Eu ben quero sere un artista do meu tempo e así coma son da miña Terra; mais ¿cómo aceptar as cousas do arte novo en París se euase todas elas están alonxadas da natureza? Platón aeito; pero Platón puxo nos beizos de Sócrates ista frase: «Iso é qu' eu quero instruírme e os campos e os arbres nada teñen qu' eu poida deprender e non podo facer progresos máis que na cidade, na sociedade dos homes». Se me desen á escoller, eu prefiro ser un home da miña Terra e máis m' enséña un arbre que unha Escola. Compre facer Arte e non filosofías. E istos artistas novos ¿serán artistas do noso tempo? E se non-o son ¿pra qué desacougarme?

Con todo, e despois de ter os ollos empapados do *Arte novo* xa non se pode resistir sen engullo, sen desexos de arrojar, a pintura dos derradeiros tempos y-en troques os primitivos parecen Deuses. Saíndo da disposición d'un post impresionista, entrei no *Louvre* e a *parábola dos cegos*, de Breughel o vello, pareceume que nunc'a ollara. ¡Que cousa de milagre!

A nova côr trunfa enteiramente na escenografía e non pol-o que teña d'iso que chaman novo senón pol-o que ten de popular. O emprego das cores puras, sempre con valentía e con ise espírito de síntesis qu' é a característica do chamado *mal gusto* do pobo, que pra moitos xa ven sendo o gosto máis esquisito. Velahi a canteira. Os pintores temos qu' ir ó pobo como van os músicos.

¿Qu' é iso do *dadaísmo*? Boh, eu coido que se Don Juan Coba Gómez, autor do *trampitón* chegase á vivir en París, deixaría do seu nome unha lembranza universal e aínda hoxe buliría algún discípulo seu.

Nas moitas esposicións individuais e colectivas que levo visto, notei a influencia do cubismo na maioría dos artistas, o que me fixo voltar ó respecto que m' inspiraba esa tendencia denantes de fital-as obras.

Merquei libros e folletos pra coñecer-as intencións intelectuais dos cubistas, e atopeime c' unha doutrina simpática. A teoría apareceu despois da obra, e penso que pol-o d' hoxe sómentes pode ter intrés a primeira. A o xenio occidental que qu' volver á tradición da que s' afastou pol-a influencia do Renacemento. Unha expresión nova do espírito de síntesis, a necesidade de *crear* e non d' *imitar*. Citan moito á Platon e opoñen á verdade dos sentidos a verdade do espírito. Falan d' unha disciplina e renegan do individualismo. O arte—dín eles—foi grande cand'o inspirou algunha fé; no século xx o arte é suxerido pol-a fé nas verdades filosóficas e científicas. Respetto á técnica, o cubismo non é máis qu' un ensayo de notación nova que pode perfeccionarse, e á xuzgar pol-o que xa evolucionou, non sería xusto condenal-o pol-a soya razón de que ven á trastornal-o que tiñamos deprendido. O cubismo é, pol-o menos, unha filosofía.

¿Qu' entende o xenio francés por Verdade? Pois... a Verdade é unha muller encoira (sen a castidade d' un encoiro clásico) c' un espello de tocador na man, un espello pra se pintal-os beizos de bermello... Esta xenial representación da Verdade pode ollarse nas Tullerías, no Pazo

de Xusticia, na Facultade de Meicifia, no momento á Gambetta, n-un cadro de Lefebvre, n-outro cadro de Baudry y-en mil grabados. Coido xa estar documentado d'abondo pra saber o que se entende por Verdade en París.

O sonado Sena co' as suas pontes non dá máis que pra dous ou tres cadros impresionistas. De noite os faroles reflexados no río fan o efecto d' unha *verbena* cativa. Nin tan siquiera s' afogan no río máis dos que se guindan pol-o Viaduto de Segovia en Madrid. Lémbrame de que o primeiro día que cheguei fun cear n-un *restaurant*, á beira do río, que tiña o seguinte letreiro: *Quoi que l'on dise, quoi que l'on fasse, on est mieux ici qu'en face*. Bo, bo, bo, as augas do Sena teñen moita literatura macabrista enriba de si; pero non son tan arremoiñadas nin falan ó espírito com' as do noso Miño. E de todol-os xeitos o Sena non me dou ganas de rezar pol-os que s' afogaron n-él.

Hoxe asistín á recepción dos irlandeses, portugueses e italianos n-un Centro de xuventudes católicas. O portugués botou un discurso lírico, o irlandés pregou simpatía pr' o seu país demostrando con números o sufrimento de Irlanda. Pra rematar, un crego italiano, grand' e ruín coma un Han de Islandia, falou da internacional católica e moqueouse das loitas antre Inglaterra e Irlanda. A dór de Irlanda bateu no corazón sensíbel dos franceses, pero calaron por consecuencias políticas; en troques falouse moito da internacional. ¡Falar da internacional católica uns homes que poñen a moral debaixo da política!

Fun presentado á un pintor cubista e falamos. «Compre alonxarse da terceira dimensión en pintura; faise preciso deixal-as trampas da perspectiva liñeal que non os levan máis que á imitación *trompe-l'œil* da realidade». Eisi dix' o meu amigo cubista; máis eu, lembrándome d' unhas estampas xaponesas que fitara no *Guimet*, respondílle co aquel d' un home dono d' ideas fondas: «Dende logo, a perspectiva liñeal rifa co' a verdade do espírito; máis á perspectiva dos inxenheiros podemos opoñel-a dos pensadores. Vostede sabe que canto máis s' alonxan de nós os planos, máis cousas perciben os nosos ollos e velahi com' a idea de cantidade podería representarse por un ángulo que tivese o seu vértice en nós e os lados perdéndose no infinito. As liñas non deben xuntarse n-un punto do horizonte senón nos nosos ollos e velahi como podemos casar a verdade dos sentidos co' a do

esprito, chegando d' iste xeito á unha perspectiva ideal». E aínda engadín, pensando n-unha estátua china: «Non debemos pechal-os ollos; debemos abrir un ollo máis na testa». Eu non sei; mais paréceme que o meu amigo cubista marchou c' un cisma na cachola e ben poida que calquera día aparezan cadros en París co'a perspectiva ó revés.

No *Salon des Dessinateurs-humoristes* esmoreceuse unha das máis fortes ilusiones que trouxen. Dos humoristas vellos, caídos no máis noxento autoplaxio, sómentes Forain é dino d' unha Exposición. Os mozos son parvos. ¡Que tristura! Aquil humorismo francés nascido d' un sentimento trágico da vida converteuse agora, xustamente cand' o mundo está co-as dores de parto, n-unha divertida parodia do París alegre e confiado. Eu tiña deprendido qu' o humorismo aclimatárase eiquí en forma de sátira ou de ironía; pero agora as intencións van d' un pesimismo bulrón ó máis acougado dos optimismos. Dixérase que non pasou nada na Francia, que xa non hay burgueses, nin xudíos, nin políticos á quen espetarl' o alferrón. A técnica é atrasada. En xeral pode decirse que non pasaron de Daumier. Non adoutaron as simplificacións de Munich, e se moitas veces van ós xaponeses, é sómentes pol-o *decorativo*, pensando nas cobertas de revistas de modas. O *esprit nouveau* non aparece eiquí. Iste Salón non é máis que o academismo da caricatura e a morte do humorismo francés.

Pol-o visto no século XIX aínda non se coñecía en Francia a verba *humour* e s' un bó dicionario contiña *humoriste* era pra darlle iste significado: «quén de cote ten humor; con *quén* é *difficiloso concebir*». Pois ben; n-istes tempos conviven cos humoristas os prantificantes de *les affaires sont les affaires* e os mesmos verdugos da Francia.

Tenho deprendido qu' en París os xornaes cobran total-as loubas; tansiquera alá, nos Madrides, louban por amizade ou por unha comida. Máis tamén pódese conquistar aínda sona en París pol-o favor d' unha muller á moda. Velahí vos voy unha mostra:

No Salón dos humoristas figuraba unha caricatura ruin da Cécile Sorel. Ista femia denunciou ó caricaturista Bib por «atentado á súa fermosura». Os xornaes todos enchéronse con iso. Un criado da Sorel foi á Exposición pra *ruñarlle nas costas* ó descretador e os xornaes voltaron á falar. Pol-a derradeira, apareceu unha tarde diante do cadro xa famoso, a mesma Sorel e c' un martelo (disqu' era de ouro e que

tiña un rubí) parteu a súa falsa imaxe. Os xornaes chegaron á describil-as lesións da obra. Aínda non remata eiquí o conto, pois a Sorel dixo que perdera o rubí do martelo e que daba 10.000 francos á quen llo atopase. Nos xornaes apareceu todo iso e máis unha carta do caricaturista decíndolle á Sorel que pra rachar un vidro é moito mellor un diamante qu' un rubí. ¿Pra qué máis? Iso valeulle ó Salón uns 200.000 francos d' entradas, o Bib foi coñecido e vendeu o cadro á un americano do Sul. Mais agora compre que seipades unha cousa que xa sospeitaredes: todo era amañado e a mesma Sorel recomendara isa obra ó Xurado, que non-a quería admitir por ruin. Ista estoria repítese todol-os días e un home ben asinado que coñeza París ficará insensíbel diante dos éxitos conquistados eiquí nos boletíns diarios.

No Salón da *Société des Beaux-Arts*, unha de tantas exposicións con miles de obras, espoñen algúns hespañoes e ninguén máis que o Valentín Zubiaurre presenta unha obra difrente; os outros veñen tan afrancesados que as súas obras pérden no conxunto. E velahí unha boa mostra da mentalidade hespañola: non decatándose que «compre seren difrentes pra seren eistentes» e tomando ó revés a frase de que «o arte non ten fronteiras» cand' os hespañoes veñen á París esquecen a súa xenuína maneira, coidando ¡malpocados! que con iso son máis universaes, cando de certo non pasan de parisinos de boulevard, qu' é xustamente o que refusan os franceses que pensan e traballan. Iles coidan que cosmopolitismo é sinónimo de universalismo.

Ademitindo que sere parisino de boulevard é sere cosmopolita, se todos nos fixésemos parisinos de boulevard ¿qué sería do mundo? O xeito especial de París é de que n-il conviven as xentes de tod' o mundo e o arte de total-as terras, todol-os vicios e total-as virtudes. Pra sere notado en París ¡moi eisótico ten que sere un! Cando se nasce n' un ambiente cosmopolita entón compre diferenciarse c' unha peluca verde, poñer por comparanza; mais cando un é difrente de seu, e leva na y-alma o xenio d' unha Terra, resulta parvo aparecer en París ó xeito do *tipo-medio* de boulevard.

«O arte non ten fronteiras», velahí unha frase que non queren entendel-as bestas. Unha obra d' Arte é unha obra d' Arte en calquera pobo que sexa; aínda unha obra literaria, pois se admitimos que deixe de sel-o por non coñecermos a lingoa en qu' está escrita teríamos que admitir que un cego podería xuzgar unha obra

pictórica e un xordo unha obra musical. ¿Quén pode pensar que o nacionalismo no Arte sexa contrario ó universalismo?; per' os pintores hespañoles coidan que pra viren á París compre traer obras d'espírito cosmopolita, cando, de certo, podían vir tal coma lles son, na seguridade de que «o Arte non ten fronteiras». E velahí está, coma mostra, *Os remeiros vencedores de Ondarra* de Zubiaurre no *Petit Palais*.

Estou canso de visitar tantas exposicións que se parecen unhas ás outras com' un número de *Blanco y Negro* á outro número de *Blanco y Negro*.

No cemiterio do *Père Lachaise* asistín á unha escea de cremación; escea ben dórosa delca non consentir que ningún dos meus sexa queimado. Non sei que me dá pensar que o meu corpo, tan longueirón como é, poida sere convertido súpetamente en cinzas e logo gardadas n-unha caixa de zapatos. ¡Coidado s'é cousa de rir o fitar unha plaquiña, com' un sobre, decindo: «Eiquí repousan os restos mortaes do Excmo. Sr. D. Fulano de Tal!» O *columbario* semella un cemiterio de loros. Bo, bo; apodrecer na terra, debaixo d'unha boa laxa, iso é o natural, e non que o tomen á un por un loro.

Xa s'abren o Salón oficial de 1921. As 5.011 obras espostas teñen un cheiro oficial abafante. Certamente istos artistas dos Salons oficiais seméllanse ós políticos, seus compadres. A guerra non dou tansiquera unha soya obra dina de loubra, cicaís porque o xenio francés tén un tipo de beleza incompatible cos horrores da guerra. O gosto medeo francés é amigo da beleza que xurde do obxecto escollido pra pintar (n-ista exposición, coma en todas, a xente detense pra loubra os retratos das femias á moda). Os momentos da guerra, espotos na seuelón d'escultura, teñen isa friaxe das estatuas dos xeneraes americanos feitas d'encarga por artistas europeos. É coma se dixésemos o *pésame oficial*, en pedra, pol-os que morreron defendend' a Patria. Os escultores querían facer a dór das nais e sómentes lograron facer isa dór dos gobernantes, que hoxe están tolos de ledicia pol-o trunfo. ¿Qu'escultor non saberá modelar unha muller, un soldado morto e un galo? Pois con ises tres elementos, xa se pode compór un moimento oficial en Francia.

A Verdade c' un espello de tocador, a Libertade c' unhas cadeas rompidas, a Patria c' un soldado morto...

O cosmopolitismo de París mantén centos de

pintores que loitand' os uns cos outros, tratan de deformar a forma e de dividil-os tonos pra conqueriren elisito e non gloria, porque o cosmopolitismo de París sómentes admite o anormal. Xa o dixo Peladán: «non hay máis qu' un lugar no mundo onde se fagan mal as cosas vountariamente, onde a deformación teña os seus compradores e a división de tonos o cinismo d' un comentario doutrinal; iste é o París *montmartrois* que Shylock descubren».

Sobor da descomposición dos tonos, eu coído que quén seipa mesturar os na paleta pode poñel-os sen mesturar enriba d'unha tela, ben sexa en puntos ou en comas... Tamén coído que os tonos descompostos, pra que se mesturen na nosa retina, sirven pra que, pol-a sua vibración, nos dean meirande sensación de luz. Con todo, iso é bo pr' a pintura escenográfica... e pra pouco máis. Tamén podería servir pr' o cartel; per' os cartelistas non sayen do *decorativo* xaponés (sen o *éspresivo* xaponés).

E xa que falo do cartel, compre decir que send' un «berro pegado n-unha parede» bén poderían admitirse total-as novas tendencias, por tolas que fosen, xa que o cartelista é o único artista á quén l' está permitido que troque a idea de *gloria* pol-a de *éxito*; mais os cartelistas querén facer obras de arte elis com' os pintores están empeñados en facer *carteles* con marcos de ouro vello.

Istas grandes exposicións que se celebran no *Grand Palais* con cadros pendurados na parede en dúas e tres ringleiras arranxadas co-a mesma intelixencia d' un canteiro que fai un muro de perpiaño, téñenme xa ben fatigado. Iste amontonamento de obras hain-o tamén nos museus que collen o aquel de tendas ond' os números do catálogo semellan os precios dos cadros. A seuelón d' escultura do *Luxembourg*, qu' en din en chamar «cemiterio de Bós-Aires» repites' en total-as grandes exposicións y-en todol-os museus d' arte moderna.

Cada día qu' entro no *Guimet* atopo novas ledicias pr' o espírito e novas regalías pr' os ollos. Certamente o *simbólico* e o *simbolico* serán sempre unha ledicia e velahí está amostrando o arte chino-xaponés. Os *nouturnos* de Whistler, traducións dos grabados en madeira de Hirohiga, foron o empezo da influencia do arte xaponés no gosto occidental e cicaís o *impresionismo* sexa fillo d' ista circunstancia; pero compre decir que non foron os pintores os que s' aproveitaron das ensinanzas do arte xaponés, xa por non rubíren ó arte chino—sen pai—xa por

non colleren máis que o que tiñan d'esterno as estampas importadas. Non entenderon os pintores occidentais o ritmo interno das cousas na pintura do Xapón.

O arte xaponés é unha síntese da expresión, é coller de todas as cousas a súa parte expresiva, c'unha gracia, c'unha firmeza e c'un humorismo que mete xenio velas interpretadas. Pra fital-a doada influencia d'iste arte compre ir ás simplificacións humorísticas de Munich—vulgo caricaturas—. O *impresionismo* supón unha *descomposición* dos elementos pra chegar á unha meirande sensación da realidade visual. O *impresionismo* parouse na primeira fase do traballo; pois o arte xaponés supón unha *descomposición*, logo un *análisis* e despois a *síntesis*, qu' é o qu' ollamos realizado na obra. Na pintura chamada *impresionista* a regalia sensual das cores desfai a expresión moral e a significación fonda que debe ter toda obra de arte.

Non os trabuquemos; o *impresionismo* non ten a importancia que se lle dou, simplemente por non sere un arte revolucionario senón un arte de decadencia. Eu non atopo ben o *impresionismo* por razóns morales, pero aínda por razóns técnicas é discutibel. Os cadros *impresionistas* son descripciones sen poesía, ou teñen a sequedade d'un inventario. Ningunha obra *impresionista* das que levo visto, podería servir pra un altar maior n-un museum, e dubido moito que Cézanne, Van Gogh e os seus descendentes, os *postimpresionistas*, poidan dar vida á un cadavre.

Ollando miniaturas persas, decátase un de moitos roubos que cometen certos xeniaes artistas que non tendo Terra, depréndeno todo nos libros.

Anque non quero publical-os meus xuícios sobor dos artistas xa xugados pol-o tempo (medo de non concordar cos sabios) velahi vos vay unha ristra de verbas en col de Ingres. A disposición d'iste artista cicaís sexa unha das máis compretas qu'un soyo artista, s'abrise en París. A friaxe das obras de Ingres, tan desprezada coma foi, é agora o que louban os novos e xustamente por isa friaxe hoxe Ingres está no curuto da gloria. E a súa sona and' á rolos pol-o mundo.

Ingres é un técnico, elixe o modelo, despois dibuxa-o, despois enche de cores o dibuxo. Non se pode decir que Ingres imit' a realidade e pódese decir que a simplifica chegando á alegorizal-o que elixe. No que se refire ó dibuxo, Ingres procede con intelixencia; pero no que se refire á cor é un rutinario. O ideal de Ingres é a

subordinación ó *metier*, e a friaxe dos seus cadros débese á que as impresións recibidas por il na contemplación do obxecto recorren tanto camiño que chegan frías ó facérense plásticas. O que ten quentura de vida son os seus deseños primeiros, direutos; mais logo pasan por segundas e terceiras fases deica rematar en liñas moles, femías. No remate enche de cor (cor material) o deseño derradeiro e fica realizad' a súa obra d' arte.

¡A subordinación ó *metier*! Xa se sabe que sen técnica non se pode pintar, e que o *metier* do pintor é cousa ben dificultosa d'adequirir. O pintor non é com' o poeta que pode facer a súa mellor obra na xuventude, pois *pintar* é cousa máis dificultosa que *versificar*; mais *versificar* non sempre é facer *poesía* nin *pintar* é facer Arte. Con todo hoxe compre máis Poética que Retórica e por iso non comprendo como Ingres pode sere o mestre de Picasso, poño por comparación de avanzado.

Despois de coñecer o *metier* débese pintar co' a mesma inconcencia con que un violinista toca no violín as obras que xa coñece. O violinista non vai razonand' os movementos dos dedos enriba das cordas pra poñer tod' a súa atención nos sonidos que xurden do instrumento. Do mesmo xeito, un pintor que queira sere artista terá cando pinte a inconcencia do *metier* (por sabel-o de memoria) y-en troques terá concencia do que espresa en cada pincelada. Ingres, por exemplo, non notaba coma s'enfriaban as expresións dende que facía os primeiros dibuxos deica os enchía de cor. Namentras razonaba o movemento dos dedos, fuxía a inspiración.

¡O amor ó *metier*! Denantes un reloxeiro facía tod' o reló e aínda era artista pra decorarl' as tapas. Hoxe os relós están feitos por obreiros; cada obreiro fai unha peza ou un buraco d' unha peza, e se alguén sabe o funcionamento do reló será o inxeniero da fábrica; per' o inxeniero non é quén pra convertílo reló n-unha obra de arte. ¿Como se pode falar do amor ó *metier* n-estes tempos de industrialismo? Pois fábase, si, señor, e fábase en París e os que falan son os artistas d' *avant-garde*, cicaís por darlle ós seus produtos a categoría de cousas consagrables.

Picasso fixo coincidir a súa disposición co' a de Ingres. Picasso é o artista máis desacogador que hay en París, catalán ás veces, andaluz outras, o caso é que os franceses xa son donos do seu xenio; ten unha chea de xeitos que os *amateurs* foron alcumando con nomes enrevesados pra enriquecel-a xerga do *arte novo*.

N-ista disposición fallan modelos d' algunhas épocas de Picasso, xa esgotadas pol-os mercadores; pero hay d'abondo aínda: un retrato de muller e outro de muller c' un neno, tan meticulosamente dibuxados que a mesma fotografía non-o facería mellor; dous arlequins ó xeito de Lautrec e co sentimento d' Edgar Degas; *natures-mortes* diante d' unha flestra (compoteiras, guitarras, unha garrafa de viño do Porto), feitas ó xeito cubista; encoiros moi grandes que semellan copias de Ingres feitas por un canteiro (os dedos das mans teñen frieiras tan enconadas que a carnaza tápalles as uñas); grupos d' encoiros, ó pastel, semellando encoiros de Ingres. Un retrato de home, propiedade de madame Errazuriz, tívome engayolado máis d' unha hora, sen que conseguise comprendel-o; xa sei que non abundan as intuicións empíricas e sensíbles pra comprendel-a pintura cubista, pero send' un retrato de home, algo debería ter de retrato e de home e aquilo certamente non é máis qu' un divertido funambulismo xeométrico.

Picasso ficará na Estoria do Arte pra ben ou pra mal, pero ficará. Picasso téñen moito talento e as súas *tolerías* (aunque non sexan máis qu' iso) cícalis sirvan pr' unha renovación, pol-os desacougos que producen. Os cadros de Picasso, aunque cheguen a non seren verdadeiras obras de arte terán un valor estórico e isto abonda xa pra seren xoyas. Levar de París unha obra de Picasso é leval-o *souvenir* máis caro e máis característico.

Dispois de lér as profesions de fé de Morgan Russell e de Macdonald Wright, páis do *sincromismo*, e dispois de fitar algúns cadros d' esta escola, declaro que nin entendín a teoría nin entendín a obra. O que máis me trabucou foi o especial empeño que teñen de que non se confunda esta escola co-a chamada *orísta* aunque teñan semellanzas, «c' étail prendre un tigre pour un zébre, sous prétexte que tous deux ont un pelage rayé».

Aunque xa coñecía algunha obra *orísta* de Roberto Delaunay non me decatei da importancia d' esta escola namentras non entrei na exposición do checo-eslovaco Kupka. Apollinaire foi quen puxo nome á iste xénero, ollando a *Fugue à deux couleurs* e *Chromatique chaude* de Kupka no Salón de Outono de 1912. Certamente os cadros d' iste artista teñen un valor musical, pol-as súas armonías de cor e pol-os dibuxos de formas irregulares en oposición ás xeométricas dos cubistas. Iste cadros producen ledicia nos ollos com' as telas máis ricas de Oriente.

«Verdadeiramente o descubrimento do mi-

croscopio dounos un mundo cheo de maravillas. Ningún arte pode com' a pintura sacar partido do mundo microscópico tal com' o percibimos co' as súas cores e as súas formas cheas de natural harmonía. ¿Porqué as flores dos xardíns teñen de sere máis dinas da pintura que isas flores misteriosas do mundo microscópico? En non sei; pero xuraría qu' isa pintura de Kupka é sacada do mundo microscópico.» Velahí o qu' escribín á primeiros de San Xoán, e no mes de outono apareceu na *Revue de l'Époque* un artigo de A. Scheneberg onde s' afirma que «Kupka sirveuse do microscopio que lle revelou o mundo extraordinario do infinitamente pequeno».

Se a liña téñen un valor expresivo de por si (a liña horizontal non-os dá a mesma sensación que a vertical) e se o valor musical da cor é indubidabel non hay razón pra refusal-a pintura *orísta*.

No decorativo o arte sempre foi máis ou menos *creacionista*. Velahí están os arabescos aplicados pol-a xeometría; máis os arabescos serían fermosos anque non existise a xeometría. ¿Coma non ademitir que o artista poida creal-as formas plásticas e as cores-luz sen que teñan nada de común cos aspectos do mundo obxectivo? Os artistas poden fracasar; pero a súa intención é loubabel.

Farteime de rir n-unha disposición *dadaísta*. Iste *Salon Dada* é nada menos que internacional. «Dada est incolore, inodore, sans saveur» e «il faut être parfaitement imbécile» pra tomalo en serio. Ourense, Vigo, Pontevedra, Villagarcía, son *predadistas* e os galegos xa estamos no segredo... e somos moito mellor *dadas* qu' os de París. Agora teñen anunciada unha festa na que dez persoas ó mesmo tempo lerán un manifesto de Picabia (Picabia disqu' é cubano e pol-o visto de orixen galego).

¿Queredes saber coma é unha disposición *dada*? Nas paredes óllanse corbatas, tirantes, orellas, caixas de mistos, rodas de reló, etc., e moitos letreiros coma estes: «Moito coidadiño co Ideal». «Iste vráu os elefantes gastarán bigote. ¿E vostede?» «Se queredes morrer seguid adiante». «¡Mozo! Unha patria e un ataque de nervios», etc. As obras son d' iste xeito: Vinte corbatas, un violón e un paraguas aberto, todo pendurado d' unha corda, e un letreiro «vostede olla eiquí corbatas e non violóns; vostede olla eiquí caramelos e non matrimonios»; uns anteollos c' un vidro escachado pegados n-un cacho de pan representan o «retrato d' un xordo»; un casca-noces, unha esponxa e unha

cadela representan «unha boa morte», etc. Ollando un espello que levaba o número 25 do catálogo quixen saber o que era e cacheand' o no catálogo atopéime con qu' aquilo era o «retrato d' un descoñecido».

Todo canto fitei de novo en París non representa máis qu' o desexo de non morrer, o desexo que sempre cheg' á hora da morte.

Verdadeiramente o *arte novo* en París está dirixido pol-o xenio do absurdo; arrédase do sentido común pra fuxir da decadencia evidente. Pero un arte novo sómentes pode xurdir n-un país onde haxa unha nova concepción da vida y-eiquí están pervertidos de máis pra seren os primitivos ou os primarios d' un arte novo. Coma sempre, siguen preocupados da *forma* e un *avanzado* escribe que «non hay espírito novo senón forma nova»... N-un artigo de Ramiro de Maestri lin que cicais París, coma Florencia e Atenas, sex' a cidade d' unha civilización desaparecida. ¡Quen sabe!

É devalde que se diga que por un desexo común e por un esforzo común ten de chegarse, eliminand' o eterno e o individual, á un estilo colectivo que chegue máis alá dos límites da nación. Como agora temos camiños de ferro, telégrafos, avións!... per' o xenio nasce e morre dentro das nacións e nin pasa pol-o aramio nin viaxa en avión. O esforzo de creación d' un novo arte pode sere simultáneo e o telégrafo, o tren e os avións servirán pra que o xenio d' unha nación estea sabedor do que fan os xenios das demais; per' o xenio e as Terras son diferentes e non pode habere arte que resista o eisamen dos séculos coma non leve o cuño d' unha nacionalidade. O pseudo-xenio viaxeiro, o cosmopolitismo, producirá un pseudo-arte nada máis. Alguns *novos* parece que arelan atopar unha receta pra *fabricar* arte e o xeito dos vellos avanzados refusan canto arrecende á nacionalismo. ¡Malpocados! O mesmo Guillaume Apollinaire, polaco nacido en Roma e animador-poeta, definind' o *Eprit-nouveau* di qu' o arte ten de sere nazonal e pon o eixemplo do cine que tan cosmopolita e tan novo é, e sin embargo distínguese perfectamente a *film* francesa, a *film* italiana, a *film* yanki.

A disposición dos rusos foi o mellor que vin en París. Levaba xa admirado moitas manifestacións do arte ruso e todas elas tiñanme parecido as máis fortes e as máis fondas de todas. De Rusia non coñezo máis que novelas, os bailes, o teatro do *Chauve-Souris*, moitos cadros e dibuxos e o que contan os xornaes. Parece que

os intelectuaes rusos educados na Europa cando chegaban ó seu país atopábanse c' un ambiente contrario por sere asiático. Dirixirse ó pobo ruso, enorme na súa ignorancia coma na súa forza, era perdel-o tempo e fíxose a revolución sanguinienta contr' os d' enriba, qu' era o fato máis pequeno e máis... europeo. O pobo ruso sigue sendo invencibel, sigue sendo máis forte que a cultura dos intelectuaes que o dirixen e pol-o trunfo do pobo sobor da cultura estranxeira xurde agora unha civilización rusa. O illamento en que s' atopa Rusia dendes que comenzo a gran guerra obriga ós que traballan alí no terreo da intelixencia, coma no do sentimento, á confrontal-as aspiracións permanentes do pobo e os seus instintos fondos co' as obras realizadas, sen o prexuício d' ideas adequiridas. Cicais pol-o d' hoxe o arte alí sexa com' a política: futurista. Pero co tempo cicais alí trunfe o patriotismo. No ensino do arte, os alumnos elixen o seu profesor dándose arreo o caso de que sempre sae elixid' o máis valente, o máis avanzado dos compañeiros, o máis xóven, que ven á sere, no illamento en que viven, o máis ruso de todos. Os rusos hoxe non se mantefien con biberón; maman na teta. Os xudíos poden facer canto queiran; pero namentras en Rusia o arte teña un carácter fondamente [nacional, o internacionalismo será unha verba coma son eiquí as de *liberté, fraternité, égalité*.

Velabi o que me pareceu a disposición de Arte ruso, en xeral. Non ten un carácter, ten moitos. E o individualismo, o nacionalismo e o futurismo (o futurismo verdadeiro). E a Terra rusa con tod' a variedade de flores que se poden dar n-ela. Nada de filosofías, nin de recetas, nin de xefes d' escola. Son artistas que deixándose ir, conscente ou inconscientemente, pol-os mandados da Terra atopáronse co xenio. Parodiando unha clasificación que fai Théo Van Doesburg do arte, podemos decir que os artistas rusos son de tres clases: clásicos, barrocos e modernos. Os *clásicos* «reproducen as formas naturais ó xeito da natureza»; pero c' un sentido novo da realidade e sempre imitando as cousas características e fortes. Os *barrocos* «desnaturalizan as formas naturais» obedecendo ó gosto do pobo ruso pol-o decorativo. Os *modernos* «interpretan a Natureza con formas e cores abstractos ó xeito do arte»; pero obedecendo á y-alma musical rusa, ó seu lirismo. Por iso sendo todos ben rusos son tan novos e tan diferentes.

No Museum do *Louvre* viñanse dando conferencias en inglés y-en italiano; pero coma o castelán é idioma que o falan tantísimos millóns

de almas, orgaizáronse conferencias en castelán. E alá fomos. Na primeira houbo moita xente (a muller do embaixador abreu a boca tres veces) na derradeira en qu'estiven asistimos a muller do conferenciante, unha parenta sua, unha filla, un americano e mais eu. Compre decir que ás conferencias en inglés e italiano asisten por centos.

¡Os hespañoes de París! No cemiterio do *Père Lachaise*, onde hay campas en moitos idiomas, non s'atopa máis que o francés nas ricas campas dos aristócratas hespañoes mortos en París. Pois ben; pra estes hespañoes das conferencias

do *Louvre* e do cemiterio do *Père Lachaise* vaise facer un gran Hospital e pra ista obra de caridade, D. Alfonso gastará da sua bolsa, según contan, cinco millóns de pesetas. Fai moi ben; en París un Hospital loce moito máis qu'en Bós-Aires ou na Habana ou Río Xaneiro ou Montevideo...

Boh, París é o Madrid do mundo. O que me parece Madrid coma galego, pareceuno París coma home.

CASTELAO.

A seguir impresións de Bélxica e de Alemaña.

NA ESPOSICIÓN LAMAS

CONFRENCIA INAUGURAL

Asistimos hoxe elquí a unha pictórica exposición. Iste *vernissage* psíquico tivo a virtude de xuntar á nosa élite inteleutiva, artística, social. ¡Marquemos iste día coa branca pedra solemne coa que os xudeos sinalan os días epifánicos! Hastra d'agora Ourense dera mestres, medidores, poetas; poetas sobre todo.

Unha destrenzada brétema, lírica, beilaba por riba dos nosos osos. Os poetas nascían elquí com'as carpazas. Eran un espontáneo produto da Terra. Un meu amigo en Madrí, gabando a un, decíame: «*Eulano que aunque no es de Orense, tiene mucho talento y es un gran poeta...*» Faltaban os pintores. Tiñan que vir e viron. A imaxe lírica esixía a interpretación plástica. Xa as cerdas dos pincéis n-esta Terra, escomenzan a rebulir d'ansías.

E algo mais que un feito casual, a coincidencia de que sexa no primeiro día do ano, cand'un ourensán fai n-Ourense a primeira exposición; é unha intención, é un símbolo.

Beleza, Estética

A xente fala, indistintamente de beleza e d'estética. Di d'un paisaxe, d'un verso, d'un cadro, que é moi estético, moi belo.

Haí, poren, un básico erro soterraño n-esta confesión, cecais o mais grande que houbo nunca na arte. Vou a dengarzar c'ús eixemplos esta falsa sinonimia.

Un espeutadore, vé n-un cadro a unha muller d'ollos tortos, narís chata e linfática obesidá carnosa. Aquela muller, na rúa non faría

de fixo, dicir a ninguén: ¡Que muller tan bela! Inversamente, examinada c'un ollar humán, é rotundamente fea; non embargante, no cadro, é estética. Os bufós xorobados e curvos, coma morcegos palatinos, que pintaba Velázquez d'un xeito profuso, non son de certo homes guapos; son no cadro, sen embargo, estéticos.

Os tipos humanos feos pra visión erótica poden ser pro pintor, e de feito sono case sempre, óptimas fontes d'impresións estéticas.

Atica

Ollemos un instante pra Grecia. Houbo elí un tempo qu'estas dúas categorías metafísicas estaban confusas n-unha. A beleza sorbera á estética, com'unha esponxa de Ceilán. Xacobe Burckardt fai ver sagazmente com'elí ó redor da idea de beleza, rondaban profusas ideas imprecisas. A ética, por eixemplo, andaba un pouco misturada coa estética.

Pra un grego do século v, unha obra non era estética, senon cando o ouxeto n-ela contido, fose belo na realidade.

E os escultores cantaban no mármore pentélico, o trunfo human da muller. As Venus emerxentes andaban pol-a rúa, berraban frenéticas nos xogos olímpicos e dialogaban con Platón antr'os buxos cheirantes á sátiro bicornes.

A muller zumbaba nas orellas do artista com'unha áptera abella d'emociós, O Aryo atopara unha fórmula na arte.

Mais a vida qu'es míticas sireias—invocaciós d'Homero, evocaciós de Burne Jones—

dormeceran cos máxicos cantos oceánicos, tremeren baixo dos rectángulos partenónicos.

«A vida é pleonexia», dixeran Platón; é forza, e mais voracidade, impulso, pulo. Y-espertou un día cos ollos restregados e un indómito rebulir de músculos.

Y-a carón da serea arte das Venus Victrix-perdon, Paul de Saint Victor—xurdiu unha fonda arte conturbada. Os cerros místicos tonalizan marelamente o cándido ceo helénico. Alborrexan tremantes as angustias barrocas.—[Lembranza de Lessing, lembranza de Gualterio Pater, lembranza de Wooking, que algún día falou do barroquismo coma da arte da forza contida!

As cobras patéticas cobren a Laccoonte, e Niobe retórese com' un arbusto trágico.

Dende Grecia persiste esta artística dualidade hastr'o actual momento. Aproveitando unha expresión de Stevenson poderíase dicir qu'a arte com' o mar, ten fluxos e refluxos. A un instante d'astracción, d'ideia, no qu'o tipo é outido cerebralizando e compondo a suscitación da realidade, sucede de cote unha arte concreta, expresiva, dinámica: a primeira é unha arte clásica; a segunda é unha arte romántica.

Retrato

Si fose certo, coma di-Ortega e Gasset—ise anacoreta ergueito sobr' esta desolada Tebaida celtíbera—que o home non é, en rigore, senon unha perfeccionada máquina d'elixir, eu non admitiría mais qu'o clasicismo.

Mais istes dous estilos non son incompatíbles, polo contrario, a existencia d'un supón a existencia do outro.

Pois ben, ista segunda arte d'esaltación de vitalidade topou a mais axeitada fórmula no retrato.

Unha individualidade non é mais qu'unha concreción isolada de vitalidade. A vida exprésase, límitase, recórtase en cada ouxeto. Ollado d'iste xeito, cada ouxeto non é mais qu'un borrador, un ensaio d'ouxeto perfecto. Iste ideal non é úneco e impar com' o corno solitario do unicornio. O ideal fragmentase, esnaquízase, faise polvo, disólvese en tantos ideais coma realidades. Non hai un ideal de mao, un ideal de xardín. A mifia mao ten o seu ideal de mau; o xardín de Posio ten o seu ideal de xardín. D'iste xeito, a arte exerce unha función crítica, leva ó ouxeto e sauto perto do posíbre ouxeto ideal, sin que perda a súa propia, personalísima virtualidade.

Trasprantemos froitosamente a teoría ó caso particular do retrato. O artista pictórico parte

d'unha hipótese probabemente verosímil, necesaria por outra parte pra espricare a súa arte. En cada home exprésase físicamente a súa psíquica individualidade. Si sospeitamos o contrario, o retrato no ten mais razón d'existenza, qu'unha mínima consideración decorativa.

Aceutado o postulado, o artista non ten, pois, mais que buscar o tipo ideal do retratado, esaltando ou deprimindo as súas características, sin que n-iste teúrxico metabolismo, o modelo perezca na súa persoalidade.

Caraute

Busca, pois, o pintore, ante todo, a síntese da individualidade. Agora ben, a esta síntese da individualidade, ó momento no que vibra mais orixinalmente o espírito, com'unha non ouvida caixa musical, ó instante anímico no que o individuo, desgaxado das similitudes sociais, e mais il; chámase en psicología, *caraute*.

Precuran os pintores o instante d'esaltación, e buscan o caraute cando un feito vital sopra por todo o espírito com'un vento adoecido dos mares indicos. Mais non será iste un grave, gravísimo erro? Cando s'espresa mais o home, no instante pasional, cando todo il vive pra emoción que o suscita, ou cando serece e normal, vive a súa vida prenamente, sen se proleutare por intelro sobr'o feito particulare qu'o axita delirante?

N-iste segundo caso, dende logo. Todos sentimos con gran similitude as doores máisimas e mais as ledicias superlativas. A mueca dorosa que xurde diante da morte d'unha nai, percorre en todas as facianas unha somellante gama de xestos patéticos. Non é, pois, n-istes instantes d'anímica intensidade crecente, onde o caraute s'esterioriza y-onde o individuo se amostra con mais preno vigore.

A maor parte dos pintores non-o entenderon así. Eu penso qu'o mais grande acerto de Lamas, é o buscal-o caraute cand' o individuo está n-unha para posición espectacular.

A postura contemplativa do home na qu'o espírito vibra con lánguido ritmo meditativo, qu'en vasto orbe de posibilitás, s'axita tremolento e indeciso dentro d'il; cando o home vé diante dos seus ollos aquiles cen camiños de que falou o Çatapatha Brahmana, cando o individuo escolle, compara, e prefire, enantes da autuación, é a postura espectacular. Nada s'axita fora d'il e dentro d'il mesmo, estas axitacións están peneiradas pol-a refreusión; o home contempla y-ouserva e colle das cousas os motivos espontáneos e nacentes qu'as cousas entre dentes modulan tácitas. Un instante despois, o home autuará,

levará ás cousas o pulo orixinal, e plasmará o dinamismo que dentro d'el fluctúa soterraño e íntimo. N-este momento abandonado a si mesmo, mil motivos dispersos nacen e morren, sen chegaren a compor unha orquestración definitiva.

Fixáivos nos retratos que tendes frent' a vos. Están n-esa postura recatada e magnífica.

..

Non é esta hora inaugural a hora propicia pr'a exéxese detallada, pr'o comentario diminuto y-específico, pr'a hermeneusis suxerente, nin debo eu eiquí facer d'istes ollos, d'istes carbós a loubanza ditirámica,

Xa intentei sinalar a crítica futura, a actitude estética co'a que, un crítico do século XX deb' enxergar a arte cuia exposición hoxe nos xunta eiquí.

EUXENIO MONTES

NA ESPOSICIÓN CASTELAO

CONFRENCIA DE CLAUSURA

«Cada un pode e debe proporse—di Unamuno—dar de si canto pode dar, escenderse, superarse a si mesmo, facerse necesario, darse ós demais pra recollerse d' eles. E cada cal n-o seu oficio, n-a súa vocación civil». Agora ben; pra darse é preciso pertencerse (Vinet); e pra pertencerse cumpre tirar de todol-os camiños do espírito todo aquilo que nos leixe do contaute c'o espírito universal e co'a natureza.

O Castelao pertencese e por eso se pode dar ós demais n-o seu arte. Pero o Castelao deca-touse, sin dubida, de que a mór parte dos galegos non se pertencen porque entr' eles y-o espírito universal y-a natureza atravésase unha cultura allea, que fai secar-as fontes do espírito galego y-enxeitar a lembranza da esencia in-morrente e creadora que hai n-il; y-esto fixo, tal vez inconscientemente, qu'o ouxetivo do arte do Castelao sexa o esborrallamento da civil- lancia apro-ibérica imposta a nosa terra pol-a actividade etética de Castela. O arte do Castelao resulta d' iste xeito un arte nihilista y-apa- rentemente ateleolóxico: o nihilismo ruso tivo por causa o *hiatus* ou lagoa que n-a y-alma do pobo produxo Pedro I o Grande facendo euro- peos os seus vasallos denantes de facel-os rusos; o nihilismo ruso foi a manifestanza da loita entr' o espírito occidental y-o espírito oriental. O nihilismo do arte do Castelao é a resultante da loita que sostén a y-alma galega pr' aniñar de novo n-o espírito dos galegos.

O arte do Castelao é un arte realista; pero o seu realismo é un realismo espiritual: o Castelao ofrécenos n-esta disposición o esputáculo da realidade íntima: o ollo do xeiteiro, dibuxado n-o cadro que di: «As sardiñas volverían si o

Goberno quixera», mostramos todo un estado de conciencia. ¿Quén non se lembra, mirando aquil ollo, do conto do Castelao titulado: «O aparello dos apóstoles». O Castelao chegou ó Santasantorun do espírito galego: atopou o noso «nós» transcendente. N-os seus dibuxos o espírito da Galizia *il est dans l'air*. Pr'o Castelao o arte non é máis qu'un medio d'elapresión das súas ideas. Tén, a meu modo de ver, un concepto ruskiniano do arte: non trata d'enfeitizar as xentes; pero tendo unha superior vista, mostra o seu propeo mirar superior á condición de que os demais grozen co' il.

Non hei de decir nada d'habilitade manual do Castelao porque esto é o de menos n-un artista; tampouco me hei d'ocupar da súa técnica posto que d' esto eu non sei nada. Direi somen- tes unhas cantas impresiós persoais que me produciron os dibuxos espostos.

Prólogo.

N-iste dibuxo vexo simbolizado o trunfo da idea sobre da violencia: n-a morte pol-o ideal está a liberanza: di a Escritura que a morte do santo «é preciosa n-o acatamento de Deus». O artista plasmou n-iste cadro iste preceuto supremo que surxe do amor a Deus y-é a base de toda moral: entrégate por enteiro; da o teu espírito pra salvalo, pra eternizalo. (Unamuno. Del Sentimiento trágico de la vida. Páx. 274). O xenio advírtenos, coma Lucio Anneo Séneca, de que «o que temere a morte non fará fazaña d'home vivo». (D'a Tranquilidá d' ánimo, capítu- lo XI); e de que «non estamos baixo o poder de ningún mentras teñamos a morte n-o noso poder». (Ept. XCI).

Eu bebo pra afogar-as penas; mail-as condenadas abogan.

Este cadro faime lembrar d'os anos de sequía, de pedrisco e de xiadas; do pago d'os trabucos o dos fillos emigrados ou mortos n-a guerra colonial. N-il vexo simbolizada a fraternidá humana porque os homes soilo se aman con amor espiritual cando sufriron xuntos un mesmo door, cando araron algún tempo a terra xunguidos ó mesmo xugo d'un door común. (Unamuno. Del Sentimiento trágico de la vida, páx. 136). N-o fondo das almas d'ises labregos revélase unha concepción verdadeiramente cristiana da vida, pois por elas vense caminal-as alegrías n-o lombo das penas: chorar e reír ó mesmo tempo debe sel-a norma de todo bo cristiano n-o sufrimento. N-as caras dos tres compadres nótese a forza que fan as almas pra esgazarse dos corpos e xuntarse a Deus. Todo o cadro está cheo de fame de dinimidade.

.*.*

Adeus meu irmanciño. E que bonito vas c' o traze das romerías.

Eiquí represéntase a comedia da vida: a irmá chora e berra pra que a oyan e digan que sinte ó morto; os veciños fan o cumprimento; y-on rapaz fura por entr' a xente pra mirar si o difunto leva os ollos abertos ou pechos.

Tamén representa iste dibuxo o trunfo d'adumia: xa non se empanan os difuntos co' a brancura do liño, senon que se visten c' os traxes dos días de romaxe. A vanidade dos homes quere converter o val de Josephá n-un museo d'indumentaria.

.*.*

Eu non quería morrer alá ¿sabe meu pai?

¡Probe emigrado! Alen, n-o desterro, dáballo alentos ó seu espírito a lembranza da Terra mentras era esprotado pol-os homes y-esquecido pol-a Patria. Desfeito o seu corpo a forza de tanto bregar, torna pra casa dos pais, pero torna pr'acougal-a saudade e pra que o semente n-a terra onde naceu.

N-o sembrante do pai bule unha desesperanza muda e toma pulo pra sair unha maldición... N-as fazulas da vella, xunto c' o penar da nai que ve ó fillo ás portas do pasamento, boliga a esperanza consoladora de que aquí anaco da sua y-alma durmirá n-el Señor: o fillo mártir morrerá en cristiano.

.*.*

A verdade n-a porta.

A mais d'un visitante da disposición lle vin

facen unha interpretación irreligiosa d'iste cadro; pero estimo trabucada tal maneira de discurrir. Pra min este cadro é unha protesta de fe relixiosa. A porta da igrexa hai miseria e resignanza. Por diante dos ollos d'ises probes pasan total-as vanidás do mundo sin qu'engarren n-as suas almas. N-as faceiras d'iles vese probeza d'espírito e leense estas verbas do Apóstol: «Mentras teñamos con que manernos e cubrirmos contentémonos co' esto». Tras da porta da igrexa ¿qué vería o artista? Eu creo que o que o artista quer que se vexa n-o interior é o apego dos cregos as causas d'iste mundo; a adulanza ós poderosos; y-alterosidade, a cobiza y-as envexas d'aquiles que deben poseer a paz de Deus.

.*.*

Hoxe sácase ánima.

N-a cara do probe qu'está n-a porta da igrexa bule a lembranza de tempos pasados. N-outros tempos as mulleres hermanaban o saber co' a roca y-a crianza dos fillos; intresábanse pol-os que sufrían; visitaban os enfermos e tiñan decote pousada pr'o peregrino y-onha cunca de caldo y-on vaso de viño pr'o probe que lle pedía esmola. Non se vían os probes ateridos de frío ás portas das igrexas porque a caridade acollíalos en total-as casas. Agora as mulleres das familias acomodadas desgaleguízanse, abúrranse n-aldea, leen os figurís, resúltalles pesada a crianza dos rapaces, enchén a cabeza de novelas d'amoríos, viven unha vida sin finalidade, van e veñen con contos, asisten a total-as funcións relixiosas, teñen un director espiritual e dan esmola por conduto de San Antonio, poíl-a sua sensibilidade non lles permite ver lástimas. A vila valéiralles a y-alma.

.*.*

¿E pra que queres fuxir da terra? ¿Non temos pan n-o forno?

Esta é a traxedia íntima da mocedá galega. D'unha banda, o apego á terra y-a casa d'os pais, turra pol-o rapaz e faille baixal-os ollos, d'outra, as necesidás creadas pol-o comercio, co'a loita contra «maldita falla de necesidás», y-a non resignanza producía pol-o industrialismo y-o progreso d'a técnica moderna arrástrano camiño d'outras terras. Iste é o rapaz que rube á traseira d'os automóveles que pasan pol-o lugar é que se lle van os ollos tras d'as camisas pranchadas y-as febillas d'ouro d'os cinturós d'os americanos.

.*.*

Dous vellos amigos; os faros y-as oblatas.

Son moitos os que ven n-iste dibuxo unha



LUZ NOVA—ONTE E HOXE, dibuxo ó carbón de *Ferruco Lamas*,
que figurou na Exposición feita en Ourense.



Mao curtida no traballo,
 albúrdiga mao amiga
 bárbaramente encravada
 por outra mao asesina,
 mao da virtú e da nobreza,
 pol-o teu sangue bendita:
 eu de xionllos te bico
PARA QUE D' EXEMPRO SIRVA.

(Dibuxos de Cavillo Díaz)



*E a ti, mao branca e fidalga,
 escorreita mao albiña,
 qu' estás a tecer de cote
 a vil tea d' as intrigas,
 mao de ladroizo e crime
 pol-os teus feitos maldita:
 escúpoche porque t' odio
PARA QUE D' EXEMPLO SIRVA.*

(Versos de Victoriano Taibo)



AUGAFORTE, por Julio Prieto.

protesta contr' o poder dos señoríos e dos eregos; mais eu non vexo tal cousa, porque tanto n-a faceira d'o señor como n-a do abade hai entendemento, bondade e nobreza. Coido de que o artista mostra un camiño a seguir; qu' os invita a que volvan sel-o que foron. Espricareime. Denantes os señoríos vivían n-os pazos que tiñan n-as aldeas a carón d'o pobo; atendían as necesidades dos veciños, ós que dispensaban un verdadeiro patronato; non se sentían alleos ás desgraças d'os seus foratarios; eran os representantes dos pobos onde vivían porque as súas decisións asentábanse n-o apego firme que aqueles lle tiñan; practicaban a homeopatía; tiñan n-a súa biblioteca libros sobre o arte de montar acabalo, a Hestoria natural de Buffon, un dicionario francés de Moreri en varios tomos, as Cartas eruditas y-o Teatro crítico d' o P. Feixóo y-as Metamorfosis d' Ovidio; as tullas do pazo eran os pósitos gratuitos d' os labregos. Istes sentíanse protexidos pol-ós señoríos ós que que lle pagaban as rentas máis ben que como recoñecemento do dominio das terras que traballaban, como pago da protección recibida. Os eregos entón non eran desertores do arado mal desbastados n-o seminario, senón segundós de casas acomodadas que pol-os seus costumes, crianza e cultura podían alternar c' os señoríos; eran os conselleiros de todol-os feligreses; n-as súas despendas sempre había unha botella de viño tostado pr' as paridas; e cando os señoríos esquecíanse da misión qu' a Providencia lles encomendara recordábanlles estas verbas d' El Señor: «De gracia recibíchedes o que tedes; daino tamén sin intrínseco e de gracia».

.

*Non é leite o que mama o rapaz; é sangue.
Non quero ir porque o escolante pégame y-a escola
cheira que fede.*

N-istes dous dibuxos peréceme ver a protesta da Natureza contr' as nais que non crían os fillos por non gastarse e que os mandan a escola pra que non-as estorben n-a casa; e contra lses instrumentos de domesticidade chamados escolas onde se lle imponen pensamentos feitos ós rapaces e se deforman espiritualmente, de tal xeito que quedan impedidos pra pensar d' outra maneira que da precisa pra conservar as institucións en que se asenta unha civilización gafada com'a que padecemos: a escola española é unha fábrica de «analfabetos con letras».

.

A felicidade.

D'iste cadro resulta tel-o Castelaio un con-

ceito místico da felicidade. N-il aparece o home indiferente a todas as cousas criadas; que non mira as cousas que se ven, senon as que non se ven, porque éstas son eternas y-aquelas non; que buscan y-atopan a vontade de Deus, no enarrilamento da súa vida; e que deixa que a súa y-alma camiñe hacia Deus, n-un voo coeante, deleitoso e sin barullo, e se faga unha cousa co' Il «como si duas velas de cera se xuntasen tan n-o cabo, que tod' a luz fose unha». (Santa Teresa. Moradas séptimas, cap. II). Per eso a súa faceira resprandece, a imitanza do paisaxe que se refrexa n-o cristal do fondo da vidreira, y-o seu corazón descansa e pol-o tanto é feliz: o de corazón contento—di o Libro dos Proverbios (XV, 15)—tén un convite continuo.

.

Canto pesa é como fede.

Este dibuxo espresa con toda certeza o pensamento xurídico do pobo galego. Iste pensamento non se estudia n-a Universidade nin n-os libros: precisase saber leer n-os tres poemas de pedra que compuxo a raza galega e n-os que deixou impresa a súa conciencia xurídica. Istes poemas son: a Ribeira do Berbés de Vigo, a Rua do Villar de Compostela y-a Praza Mayor d' Ourense. N-as arcadas e n-os postes dos soportales que hai en ditos lugares revélase o individualismo da raza galega y-a orixen privada dos soportales (o xermen d' istes son os tellados dos portalós do curral das casas d' as aldeas pra que a xente non se molle cando chove mentras non lle abren; n-os pazos convertíronse lses tellados en portales abertos con unha ou dúas arcadas com' os portales d' o pazo de Ribadavia; estremando ús pazos con outros as paredes das extremas dos portales substituíronse por arcadas, e d' iste xeito quedou creado o soportal). Todas as construcións antigas da nosa terra son un canto o anarquismo libertario. O que non se convenza d' esto que visite Combarros ou vaya dar unha volta pol-a Moureira ou pol-a rúa das Trabancas en Pontevedra. Si non esquecemos que a institución xurídica coñecida c' o nome de Compañía galega é unha «triba sin patriarca», podemos asegurar que o pobo galego é inimigo da lei e d' autoridade: A mesma axuda que as xentes lle prestan ós caciques non é outra cousa qu' o precio d' anulación circunstancial da lei e d' autoridade. N-o fondo da y-alma galega goberna un pensamento ácrata, que se pode espór co' estas verbas d' un Bispo italiano: «¿Pra qué sirven as leis?... pra obrigarnos a vivir baixo o poder alleo; pra darnos unha natureza artificial e revelarnos contra nós mesmos. (J. Vidal)».

Este cadro representa ademais unha protesta do pobo galego contr' a desvitalizanza da lei producida por un Estado que no seu afán de uniformalo todo, esquece de que a sociedade é un organismo vivo y en continuo movemento, e mecanizou a administración da xusticia.

Ademais vexo n-este dibuxo unha protesta contr' os hipócritas, contr' as persoas chamadas d'orden que amparadas n-a lei comercian co' a fame do pobo, contra todos aqueles ós que lle hai que repetir estas verbas de San Pablo: «Valeiros sodes de Cristo os que pol-a lei vos xustificades».

O probe Xan.

Eiquí está o despoxo humano dos pobos industrializados, que vive da caridade hipócrita dos poderosos que dan os probes unha pequena parte do que abarballaron con enganos, mentiras, forza e rapiña; que utilizan a esmola com' unha patente de corso; que britan mil e dan cen; que viven do sudor e do aniquilamento dos probes; que ven n-o próximo unha máquina a utilizar en lugar d' un irmán; que s' esquecen de que os indixentes teñen dereito a todo o que comprende o mantemento do cargo humano; e

que cando o despoxo humano resulta unha calofia contra seu egoísmo péchanos n-un d' esos establecementos con que se trata de remendar esta sociedade materializada que s' esboralla por todas partes. O probe Xan inda non é moi desgraciado; inda lle permiten que pida esmola n-os camiños.

♦♦

Y os da banda d' alá son máis estranxeiros qu' os de Madrid?

Di o Castelao que non se sabe o que lle conteston o vello ó rapaz; máis eu adiviño. O vello dixo que os da banda d' alá non son estranxeiros; que somos todos ús. Contestoulle ó rapaz que Galiza y-o Norte de Portugal son dous irmaus que pol-a súa propea vontade sirven a anos diferentes; pero que teñen un mesmo sangue y-onha mesma alma; son aqueles dous irmaus que o 4 de Xulio de 1808, por medio de D. Xenaro de Figueroa y-o Bispo do Porto, firmaron o compromiso de que entril-es habería paz, amizade e boa intelixencia, que se axudarían un outro pra votar fora os franceses, e conservar cada un d' eles a su independencia.

ARTURO NOGUEROL

POLÍTECA ARANCELARIA



Non hei de decirlle os leutores de NÓS de que n-a nosa terra consúmense ús catro millóns de quintales métricos de millo; ús tres millóns trescentos setenta mil quintales de trigo; pois todos eles terán mirado o Anuario Estadístico d' España de 1917 publicado pol-o Instituto Geográfico y-Estadístico o ano 1918. Tampouco lles hei de decir cal é a importación do millo e do trigo n-a manutención do pobo galego y-o tráfico marítimo internacional, é

decir, o valor do millo e do trigo como mercadería de retorno n-as relacións comerciais da Europa co' as Américas Os que descoñezan iste fautor comercial non poden falar con seriedade d' hispano-america nismo, nin de facer de Vigo unha estación marítima terminal. O arancel sobr'o millo, representa un encarecemento da vida gallega por valor de oito millóns de pesetas. Sin a importación libre do millo y-o trigo nin o hispano-americanismo deixará de ser literatura escaracochada, nin o porto de Vigo de ser estación marítima de tránsito. Os hispano-americanistas (si é qu' os hai) y-os vi-gueses especialmente, teñen por necesidade que seren aliados dos nacionalistas galegos.

Todol-os galegos debemos opornos a protección arancelaria do trigo: é de necesidade de que o pobo teña pan trigo barato. Ademais non se pode consentir máis tempo que ús cantos

grandes cosecheiros y-outros cantos acaparadores, convirían o chau sin auga d'a meseta en terras de pan levar á conta de 501.040.000 pesetas con que os consumidores costeabamolo cultivo do trigo denantes da guerra europea. Entón custaba o trigo estranxeiro vinte pesetas o hectolitro, e pol-o tanto, si non houbera protección arancelaria pro trigo, o trigo español, debido á competencia, tería que venderse tamén a vinte pesetas; pero como o trigo estaba protexido as causas pasaban d'outro xeito: os cen kilos de trigo tiñan que pagar o pasas aduanas catorce pesetas, o que, partindo do suposto de que o hectolitro de trigo pese 78 kilos, producían un ingreso pro fisco (calculando en doce millóns d'hectolitros o déficit d'anada trigueira española, en relación c' o consumo) 131.040.000 pesetas; e com' os dereitos d'aduanas facían subir o precio d' o hectolitro de trigo a 30'92 pesetas, resultaba (calculando a cosecha do ano 1919 en trintecatro millóns d' hectolitros) que os consumidores, por favorecer onhos cantos absentistas y-acaparadores pagamoslle entón ó fisco 131.040.000 pesetas y-os propietarios, os intermediarios y-os acaparadores de Castela e demais zonas trigueiras, que colleitan por término medio oito quintales por hectárea, 370.000.000 pesetas, que suman un total 501.040.000 pesetas.

Os aranceles somentes deben protexer os negocios d'aquiles cidadanos que ó quente d'un réximen protutor sexan capaces d'aumentar os produtos cuya procura ou trasformanza lles estea encomendada. ¿Son capaces os trigueiros de Castela d'aumentar as colleitas de trigo c' un réximen protutor? Non, pois aparte de que o problema dos trigos en Castela é un problema d'auga e de materia orgánica, os donos d'os latifundios d'as chaas d'o centro da península, saben que o réximen proteccionista d'agora consagra este principio d'economía popular castelá: «os terreos de rega pra non perder y-os de secano pra facerse ricos»; esto é o mesmo que dicir: pra non poder colleitar dazaoito quintales por hectaria e pra facerse rico obter anadas de oito quintales por hectaria. Isto, inda que parece paradoxico, é verdade: é unha de tantas irracionalidades aparentes d'a vida. E de notar ademais, que moitas persoas, qu'estudiaron á conciencia o problema trigueiro d'España, decatáronse de que n-algunhas provincias de Castela a procura do trigo é cara e ruinosa e que convén sustituíla por outra máis lucrativa. C' o fin d'investigare cal sería o cultivo con que debéra substituírse S. M. El Rei, por propea iniciativa y-a sua conta, creou unha comisión, fai

xa anos, pra qu'estudiasse a frota esteparía d'a península.

Por outra, o amparo qu'os aranceles lle presta ós donos d'as terras de pan levar, non fai outra cousa qu'asegurar un mínimo de renda os donos d'os latifundios, que apenas toman parte n-a vida económica d'o Estado por medio d'a contribución territorial: a Cruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, provincias consumidoras de trigo, pagaron o ano 1917 por territorial, 13.917.645 pesetas; Avila, Segovia, Soria e Palencia, provincias produtoras de trigo, pagaron en dito ano por territorial 8.498.604 pesetas, é decir 5.419.34 pesetas menos que Galicia. ¡D'iste xeito xa poden gridar: «¡Viva España!» Si a todo isto añadimos que os gastos que o Estado fixo por habitante n-o referido ano, pol-a ensino primario, foron n-a provincia d'a Cruña 1'45 pesetas, n-a de Lugo 1'07, n-a d'Ourense 2'22 e n-a de Pontevedra 1'60; e que os mesmos gastos en tal fecha foron n-a provincia d'Avila 3'08 pesetas, n-a de Segovia 3'28, n-a de Palencia 3'07 e n-a de Soria 4'42, non teremos qu'estrarnarnos de que ós galegos nos teñan por parvos, y-aínda máis si se decata a xente de que houbo máis d'un galego que foi ministro d'Istrucción Pública.

Si temos presente que o consumo do trigo n-a nosa terra podese estimar en 262.860.936 kilos e que o arancel que fixo Cambó grava con dez pesetas os cen kilos encontrámonos con que Galicia sosterrá os negocios d'os trigueiros con un aumento n-os seus gastos naturais de pesetas 26.286.050 y-o resto d'os consumidores con 332.514.910 pesetas. Ecomasi os trigueiros non se conforman c' un arancel que lles mete n-as mans 358.800.000 pesetas senón que queren que se volva ó arancel d'o ano 1912, que facía desembolsar ós consumidores 370.000.000 pesetas; e din que as novas disposicións arancelarias «*decretan la muerte de la primera industria nacional*» e que n-o caso de que as suas aspiracións non sexan «*atendidas en justicia por el Parlamento en un plazo muy breve, se llevarán a la práctica resoluciones radicalísimas*». Supoño que ningunha d'estas resolucións será pedir que se faga o catastro parcelario, nin asegurar os seus contratistas d'o cultivo, ós seus colonos, un beneficio industrial mínimo.—A. N.

A seguida publicamos unhas cantas partidas do novo Arancel qu'intresa ós galegos:

Partida	CONCEPTOS	Modo d' adeudo	Unidades	DEREITOS	
				Tarifa 1. ^a	Tarifa 2. ^a
151	Cabalos enteiros de máis de tres anos . . .		un	750.00	300.00
152	» deica tres anos . . .		»	500.00	200.00
153	» capados de máis de tres anos . . .		»	700.00	300.00
154	» deica tres anos . . .		»	500.00	200.00
155	Yeguas de máis de tres anos . . .		»	750.00	250.00
156	» deica tres anos . . .		»	450.00	150.00
157	Gando mular de máis de tres anos. . .		»	120.00	40.00
158	» deica tres anos . . .		»	75.00	25.00
161	Vacas de leite. . .		»	420.00	140.00
162	» que non sexan de raza leiteira, de máis de 500 kilogramos . . .		»	213.00	85.00
163	» deica 500 kilogramos . . .		»	180.00	60.00
164	Touros almaillos e bois de máis de 500 kilogr..		»	225.00	90.00
165	» » deica 500 kilogramos . . .		»	165.00	65.00
166	» e xubencas . . .		»	60.00	20.00
167	Gando de cerda deica 60 kilogramos inclusive.		»	36.00	12.00
168	» de máis de 60 kilogramos. . .		»	60.00	20.00
169	Carneiros . . .		»	15.00	5.00
170	Ovellas . . .		»	12.00	4.00
171	Años . . .		»	15.00	3.00
172	Cabras . . .		»	9.00	3.00
176	Coiros de gando vacuno, cabalar e mular sin curtir: sin salgar secos. . .	p. b.	100 kilogramos	24.00	8.00
177	» valados secos ou con apresto . . .	»	»	18.00	6.00
178	» frescos, estén ou non salgados . . .	»	»	12.00	4.00
853	Xofre en bruto sin moer . . .	»	»	9.00	3.00
854	» refinado, sin moer e fundido . . .	»	»	13.50	4.50
855	» » moído e fror de xofre . . .	»	»	17.00	6.00
214	Abonos: Guanos e demais esterco orgánicos .	»	»	0.50	0.05
884	» Sulfato e cloruro potásico y-as salgas de Starsfurt y-Alsacia . . .	»	»	0.20	0.10
885	» Nitrato sódico comercial . . .	»	»	0.20	0.10
886	» Nitrato de cal . . .	»	»	3.00	0.10
887	» Cianamida cálcica . . .	»	»	10.00	5.00
888	» Sulfato amónico . . .	»	»	1.00	0.10
890	» Superfósforo de cal e fosfatos precipi- tados . . .	»	»	30.00	15.00
891	» Escorias Thomas. . .	»	»	1.00	0.22
566	Arados, cultivadores, gradas . . .	»	»	65.00	25.00
570	Aventadoras, trilladoras, desgranadoras .	»	ad valorem	20 %	10 %
1132	Carbón vegetal . . .	»	1000 kilogr.	10.00	2.00
1141	Caña, bambú e bimbios sin labrar. . .	»	100 kilogramos	3.00	1.00
1142	» cortada, branqueada ou teñida . . .	»	»	12.00	4.00
1179	Cáñamo en rama . . .	»	»	12.00	8.00
1180	» rastrillado . . .	»	»	15.00	10.00
1322	Carnes frescas . . .	p. n.	»	60.00	24.00
1323	» lazadas . . .	»	»	50.00	20.00
1427	» líquidas . . .	»	1 kilogramo	3.00	1.00
1326	» de porco, salgadas, touceño e manteiga	»	100 kilogramos	166.00	55.00
1420	» de gando vacuno ou lanar, en latas . .	»	»	150.00	50.00
1329	» xamós. . .	»	»	300.00	100.00
1423	» embutidos. . .	»	1 kilogramo	9.00	3.00
1428	Chocolate . . .	»	»	9.00	3.00
1429	Dulces, confituras. . .	»	»	10.00	3.50
1432	Ovos frescos . . .	»	100 kilogramos	30.00	10.00
1433	Pastas de ovos en conserva sin zucre . .	»	»	60.00	20.00
1436	Mel d' abellas . . .	»	»	300.00	100.00
1369	Castañas . . .	»	»	12.00	4.00
1371	Noces. . .	»	»	12.00	4.00
1378	Cacao en grao sin tostar e cortiza de cacao pro- ducto e procedente de Fernando Poo .	»	»	140.00	10.00
1379	» d' outras procedencias . . .	»	»	450.00	150.00
58	Botellas . . .	tara	»	20.00	12.00
745	Buques de ferro ou aceiro e mistos impulsados a máquina: dispostos pra carga de mercancías.		Ton. de arqueo	75.00	15.00

Partida	CONCEPTOS	Modo d' aduado	Unidades	DEREITOS	
				Tarifa 1. ^a	Tarifa 2. ^a
746	Buques dispostos pra carga e pasaxe		Ton. de arqueo	60.00	20.00
747	» soilo pra pasaxe		»	75.00	20.00
748	» de vela		»	30.00	10.00
749	Barcos de madeira movidos a máquina . . .		»	60.00	20.00
750	» » » a vela		»	45.00	18.00
751	» de cemento armado, con ou sin máquina		»	15.00	5.00
752	Balandros, botes e demais embarcaciós menores		»	66.00	22.00
	Barcazas ou gabarras sin arboladura pr' o tras-		»		
	porte de mercancias		»	60.00	20.00
270	Folladelata sin obrar	p. n.	100 kilogramos	75.00	25.00
271	» troquelada, litografiada ou pinta-				
	da, en follas.	*	1 kilogramo	135.00	45.00
1408	Leite: en polvo.	*	100 kilogramos	3.75	1.25
1409	» conservada de calquer xeito, sin mezcra		»		
	de sustancias, y-a condensada sin zucre	*	»	375.00	125.00
1410	» condensada con zucre	*	»	900.00	300.00
1411	» fermentada (en calquera preparanza) .	*	»	600.00	200.00
1412	Nata de leite esterilizada ou preparada d' ou-				
	tro xeito	*	»	450.00	150.00
1413	Lactosa ou zucre do leite	*	1 kilogramo	18.00	6.00
1414	Fariña lacteada ou malteada sin zucre . . .	*	100 kilogramos	150.00	50.00
1415	» » » con zucre	*	1 kilogramo	9.00	3.00
1416	Manteiga feita somente con leite con sal ou sin il	*	100 kilogramos	450.00	150.00
1417	» con zelmee alleos ó leite.	*	»	600.00	200.00
1418	Queixos	*	1 kilogramo	4.50	1.00
1419	Crema alimenticia	*	100 kilogramos	270.00	90.00
123	Muebles de madeira torcida, armados ou por				
	armar, en blanco, pintados ou barni-	*	»	240.00	80.00
	zados y-as partes soltas dos mesmos.				
124	» de madeira ordinaria sin obra de tor-				
	no, escultura, drapeado, sin forros	*	»	180.00	60.00
	de teidos ou pelica				
125	» con obra de torno, pero sin escultura	*	»	225.00	75.00
	nin forros de tecidos ou pelica				
126	» de madeira fina, sin talla, escultura,				
	embutido, nin adorno de metales:	*	»	330.00	110.00
	sin forros de tecidos ou pelica				
127	Fornados de tecidos de seda ou pelica . .	*	»	765.00	255.00
128	Fornados con tecidos d'outras materias	*	»	420.00	140.00
129	De madeiras de todas-as clás, tallados,				
	esculpidos, con adorno de metal e				
	inscripciós: fornados de tecidos de	*	»	1000.00	400.00
	seda ou pelica				
130	Os demás	*	»	600.00	200.00
131	» dourados, esmaltados ou con adobios				
	de laca.	*	»	750.00	375.00
1540	Casas armables de madeira compretas. . .		ad valorem	30 %	15 %





SEICIÓN ARQUEOLÓXICA

O CASTRO «A CIBDADE» EN SAN CIPRIAN DE LAS

CONSIDERACIÓNS XENERALES

I

O mor castro da Galicia



HÁMANSE castros certos recintos fortificados de forma oval ou circular, provistos d'un ou varios muros concéntricos, precedidos xeneralmente do seu correspondente foso, e situados os máis d' eles na cume d' outel-

ros ou montañas. Istes castros atópanse tan vastos na nosa terra, que Castillo López (1) valéndose d'un cálculo bastante seguro, fai ascender o seu número a 5.800.

Sobre d'ouxeto dos castros téñense emitido as opinións máis diversas. Considéranos us com' a pequenas cibdades fortes, outros com' a sitios reservados pr' a celebración de ceremonias relixiosas, e os máis com' a simples refuxios, non faltando quen coma Amor Meilán (2) de unha solución eclética ó asunto supoñéndolles distintos caracteres según o seu tamaño, situación e destino posterior.

Sería moi difícil dicir quen terá razón n-ista porfía, por encontrarse o estudo dos castros,

a pesar dos esforzos xenerosos de moitos arqueólogos rexionais, n-un estado de lamentable atraso, pero non cremos imposible, que tras dos muros d'algrás d' istes recintos non s' houberan albergado d'unha maneira permanente núcleos de poboación de certa importancia, pois anqu'a súa extensión non chegue á dos oppidum galos de Bibracte, Alesia e Gergovia, sobrepasa con moito a da mor parte dos burgos fortificados e cranogs británicos. (3)

Teñen os castros indudables semellanzas c' os mencionados oppidum, c' os recintos fortificados dos Alpes marítimos descritos por Dechelette (4) e c' os arxintálicos de que fala Mommsen (5), pero a pesar d' elo son pol-as súas especiais características algo tan típico da Galicia qu' os arqueólogos modernos teñen bautizado c' os nomes de pobo dos castros e civilización dos castro ó pobo y-a civilización pre romana da nosa terra.

Porqu' anque se teñan atopado castros no val do Douro com' os que menciona Gómez Moreno (6), e aínda que tiveran caracteres de tales os visitados pol-o Marqués de Monsalud e por Sanguino Michel (7) na Estremadura, y-o esproado por Guillen García (8) preto de Toledo, sempre resultaría qu' o principal núcleo, o lugar onde s' atopan en mor número e máis

(1) Los Castros Gallegos.—Coruña 1908.

(2) Historia de la provincia de Lugo.—Edad prehistórica.—Lugo 1918.

(3) Bulleid and Grey.—The Glastonbury lak sillage.

(4) Manuel H' Archeologie prehistorique.—Paris 1910.

(5) Histoire Romaine.—Tite Guezle.—Paris.

(6) Sobre Arqueología primitiva de la Región del Duero.—B de la A de la H T. 45.

(7) Del castro de Sansueña.—B de la A de la H T. 62.

(8) Del cerro del Bu.—B de la A de la H T. 46.

afastados, asegúñ amosan os achádegos feitos n-iles, d'influencias ibéricas é na nosa rexión é na parte de Portugal comprendida entr'as cuencas do Mondego, Douro e Miño, e decírase no asentamento asegúñ o sabio arqueólogo Bosch Gimpera (1) d'unha cultura céltica que fina somentes baixo o influxo y-a dominanza de Roma, sendo cecais os outros exemplares castelaos como xalós deixados pol-os celtas na súa retirada ante a invasión ibérica, si temos de seguir a opinión de Schulten (2).

E pol-o tanto da mais grande importancia pra o coñecemento da prehistoria gallega o estudio d'istes recintos fortificados, e comprendendo así, casi todol-os historiadores rexionales como Veree e Aguiar, Fernández Alonso, Murguía e sobre todo Villaamil e Castro e Maciñeira, téñenlle adicado traballos e referencias que forman xa unha regular bibliografía. Pero desgrazadamente istos traballos téñense feito, moitas veces, fiando demasiado en informacións pouco seguras, e casi sempre sin recursos que permitiran un examen minucioso e deteñido do subsuelo, podendo decírase que dos 5.800 castros que Castillo López supón existentes en Galicia nin quinientos haberán sido reconecidos e medidos con coidado, sendo moito menor o número dos que foron escavados con criterio científico; facéndose pol-o tanto imposible intentar a súa catalogación, nin poder emitir xuício certo sobre dos útiles, armas e adornos dos seus poboadores que soilo de tarde en tarde saen á luz e casi sempre por causas fortuitas.

Desexando nós contribuir na medida das nosas forzas a alumear punto tan intresante da prehistoria pátreas, temos emprendido o estudio do castro, cuyo nome encabeza estas liñas, que pol-a súa extensión, manitúd de defensas, e solidez de materiais de construción, debeu ser no seu tempo unha das fortalezas mais rexas do noso chan gallego.

Damos hoxe as súas caraterísticas e mensuras y-en números sucesivos daremos conta do qu'as escavacións que xa principiaron vayan sacando á luz do día.

II

Emplazamento

A quince kilómetros d'Ourense, na marxen dereita do Miño, e por riba mesmo da veiga onde s'asenta a estación de Barbantes, érguese un monte que estende a súa mole de pedra de grá

y-as súas vestiduras de carpazas pol-os térmios municipáes de Punxín, Cenlle e San Amaro.

Iste monte ten dúas cumes unha ó S. y-outra ó N. A primeira leva o nome de San Torcuato



O foso pol-a parte do Norte

por ter edificada na pequena plataforma que lle sirve de remate unha capilla do dito santo. A segunda afastada da outra 1.400 metros é mais baixa, de costa mais lixeira, y-está terminada por unha estensa meseta, que pol-a gran cantidade de pedras qu'alí s'atopan e que craramente deixan ver que formaron parte d'unha vella edificación, chámase a Cíbade.

N-iste sitio da Cíbade pertencente á parroquia de San Ciprián de Las, Ayuntamiento de San Amaro é onde s'asenta o castro que motiva estas liñas.

Dominase dende alí a cuenca do Barbantiño, o reborde oucidental dos Chaos d'Amoeiro y-o val de Las que prolonga os seus lameiros e searas hasta as divisorias do Arenteiro e do Avia. En cambio o curso do Miño y-as súas fértiles riveiras, a zona mais importante y-a mais próspera, queda casi por comploto fora da vista do castro tapada pol-a cume do San Torcuato, que por ser mais elevada, por mirar

(1) Los Celtas y la Civilización Céltica en la Península Ibérica.—Madrid 1921.

(2) Hispania.

cara o Miño e por ter milliores condicións defensivas debidas ó áspero e pino das súas ladeiras, parece que debía de ser preferido como lugar d'emplazamento, podéndose explicar este con-



Un anaco do parapeto interior

trasentido estratéxico somentes pol-a necesidade de dar á fortificación unha superficie mor da que permitía a pequena area da plataforma terminal do San Torcuato, na cual cecais houbera algún posto de vixía, do que non queda hoxe rastro algún.

De todos modos situada a Cíbade en lugar outo e descuberto que permite vixilar grandes extensións de terreo, e sin poder ser alcanzada pol-os tiros de ningún outeiro dominante, cumpre sobradamente as condicións topográficas da casi totalidade dos castros, estando com' agora veremos compensada a debilidade do seu emplazamento pol-a fortaleza e boa disposición das súas defensas artificiais.


As fortificacións

Decíamos denantes que o castro que nos ocupa debía o seu nome á gran cantidade de pedras que n-il s' atopan, e que pol-a súa dispo-

sición ben deixan ver que son restos d' unha vella edificación esborrallada. Aparecen istas pedras en dous amontonamentos concéntricos de forma oval, precedido o máis exterior d' unha zanja que aínda conserva dous ou tres metros de fondura por quince d' ancho na parte do medio, día que é a millor conservada, y-erguéndose o segundo arredado d' outro cousa de cen metros, sin ter diante de si ningunha sinal de zanja ni de foso.

Examinados de preto istes amontonamentos, mostran ás craras proceder de dous murallós, destruídos pol-o tempo ou pol-os homes, pero cuxa cimentazón de tres metros d' ancho aparece á fror da terra, deixando ver o xeito da súa estrutura, formada de cachotes pequenos y-alongados postos no sentido da mor lonxitude sin intermedio de argamasa.

Co espoto hai d'abondo pra comprender que a Cíbade estaba protexida por un muro



Unha vista do Castro

exterior con foso y-outro interior sin il, podéndose supor que a outura d' istes muros foi grande pol-a enorme cantidade de pedras que enchen as veiras dos cimentos a pesar que

dende tempo inmemorial veñen os naturais do país aproveitando prás súas necesidades esta canteira de novo xénero.

Vese pol-o dito que a Cíbdate é un castro de dobre recinto, tipo bastante común na nosa terra, e que abunda tamén nos *champs hallstättiens* de Francia anque diferenciándose d' estes últimos por ter moito máis separadas as murallas.

Mensuras

Si pol-a súa situación y-as súas defensas a Cíbdate encaixa dentro do tipo corrente dos castros gallegos sin que nada ofrezca de particular e dino de chamar a atención dos arqueólogos, non ocorre, o mesmo co' as súas dimensións que son verdadeiramente extraordinarias, facendo da Cíbdate un caso singular e cicaís único na Galicia.

Castillo López no folleto que dinantes citamos, e no párrafo adicado á area dos castros, transcribe as medidas dos eixes d' algúns d' eles, medidas que oscilan entre 51 metros no de Subiña e 197 no de Samoedo, anque ó falar d' iste último dice que se lle pode axuntar un campo que se estende hacia el N. de 165 metros de longitud con vestigios de haber estado parapetado; en cuyo caso resultaría o nomeado castro de Samoedo con un eixe menor de 187 metros y-outro mor de 353. E fundado n-isto o final do seu erudito traballo, proclama o castro de Samoedo como o máis grande de Galicia por sobrepasar en moito ó de Buriz, pra o cual pedía tal honor Santiago de la Iglesia no seu Catálogo de Protohistoria.

Pois ben, o noso castro da Cíbdate, con soilo o seu recinto murado, sin precisar que se lle axunten campos veciños mide foso inclusive,

de N. a S., eixe mor, 391 metros, e de E. a W., eixe menor, 280, é decir 38 metros máis no primeiro, e 83 no segundo co de Samoedo, podendo pol-o tanto ser decrarado sin inconveniente o castro gallego de máis grande manitude coñecida.

Si a esto axuntamos a circunstancia de estar unida a Cíbdate ó val do Miño por un vello camiño estrado de laxas, que morre ó pe mesmo das súas murallas, a calidade d'istas murallas feitas de pedra e ben cimentadas, a existencia preto do foso d' unha fonte que fai pouco, denantes de ser destruída, deitaba auga abundante y-era coñecida no país co nome de fonte da Virxen, a mesma tradición aínda viva d' haber estado emprazada n-aquí lugar unha vila importante, fainos supor si a pesar de non existir á fror de terra restos de vivendas, como pasa no castro de Pías preto de Mondariz, non será o recinto en cuestión o lugar onde asentou unha d' aquelas cidades galaicas, que como Lámbrica e Cinnania tanto deron que facer as lexións de Roma.

As escavacións

Pra aclarar iste punto, así como pra recoller e por á luz, o que haya atuado baixo as carpazas y-as pedras das derruídas murallas temos emprendida a escavación metódica da Cíbdate, quedando encargado da vixilancia dos traballos o culto e xoven médico de San Amaro D. Roberto Tizón, o cual o mesmo que ó seu irmán D. Alberto comparamos en enviar dende aquí o testimonio da nosa gratitude por todas as facilidades que nos deron pra a realización das nosas tarefas arqueolóxicas.

FLORENTINO L. CUEVILLAS

Marzal 1922.

A COMPOSTELA DOS DOENTES

LUGAR E CLIMA

N-a parte Sur da provincia de Pontevedra y-on pouco ó Poniente, n-as ladeiras da Serra do Suido e perto do auto pico de Soto-Mayor asentase o fermoso val de Mondariz onde nacen as afamadas angas d' iste nome. A extensión do val é de 76'6 kilómetros cuadrados; o seu contorno é de 37 kilómetros, y-a súa poboanza pasa dos sete mil habitantes. A temperatura media

pódese estimar en 15.º R.; o higrómetro de Blum marca de 59 a 62 y-o barómetro 175. Os ventos dominantes son o S. y-o S. E. N-o vran gózase n-il d' unha temperanza igual e non escesiva.

O Balneario, ou Compostela do doente como lle chamou Castelar n-un artigo que publicou n-*El Liberal*, dista de Pontareas, ds 8 kilómetros; do Porriño e Salvatierra, estacións do tren, 20 é 19 respectivamente; de Vigo, 35; de Tuy, 33; e de Pontevedra, 54.

HESTORIA

En 1862, foi descuberta a fonte do Saldoiro, hoxe fonte de Troncoso, pol-o crego D. Domingo Blanco Lage, filántropo dino da lembranza; e n-o 1871, D. Enrique Peinador e Vela, Licenciado en Medicina e Cirugía, descubriu o manantial do Chau da Gandara. Utemamente, n-o 16 de San Xoan do ano 1873 foron declaradas de utilidade pública as dúas fontes e recoñecidas pol-a cencia como idénticas.

Dende entón comenza a hestoria das milagreiras augas de Mondariz, que «son un rasgo d'esplendidez da Natureza en obsequio dos corpos estragados n-a loita da vida (Rodríguez Carracido). Debido á intelixente persistenza dos seus propietarios pra dal-as a coñecer foise correndo a súa sonda primeiro pol-a nosa terra, despois pol-o resto da península e logo pol-o mundo inteiro. N-a busca da saúde xúntanse en Mondariz os escritores de máis sonda y-os políticos de máis monta; e por eso dixo a Condessa de Pardo Bazán qu'enriba das fontes podería escribirse: «Eiquí cúranse os estragos do pensamento y-os danos da civilanza».

Ademais en Mondariz non somentes se devolve a saúde ós enfermos senón que tamén se da folgos a nosa terra pra loita e se premia o esforzo dos «bos e xenerosos» que se sacrifican por ela, pois os donos do Balneario fan concursos sobre temas d'intrínseca pra Galizia, que din moito en seu favor.

O ESTABECEMENTO MINEIRO MEDICAL

As fontes.—As fontes que diron fama n-o mundo inteiro a Mondariz son dúas: Gandara e Troncoso. A primeira nace n-o parque do Estabrecemento; a segunda, a 800 metros d'anterior, a beira esquerda do río Tea.

COMPOSICIÓN D'AS AUGAS

Un litro d'auga de Mondariz contén os principios seguintes:

Ácido carbónico libre. . . .	0'983
Bicarbonato sódico. . . .	2'284
Id. potásico. . . .	0'119
Id. lítico. . . .	0'039
Id. cálcico. . . .	0'156
Id. magnésico. . . .	0'041
Id. ferroso. . . .	0'037
Cloruro de sódio. . . .	0'148
Silice. . . .	0'009

Tamén contéñen indicios de sódica, estroncio e y-odo.

Aplicacións terapéuticas.—As augas de Mondariz son axentes preventivos e curativos d'o *urritismo*, da *gota*, da *calculosis renal*, das *artritis deformantes d'orixen urático*, do *pequeno atri-*

tismo da diabetes sacarina da *litiasis biliar* e de todas as perturbanzas metabólicas xemellantes. Tamén son un correctivo pra todas as perturbanzas funcionais causadas por autointoxicanza con materias tóxicas resultantes de fallas de hidrólisis ou de oxidanza, *moco nas nefritis crónicas*, as *colemias* y-a *ictericia*.

Acción sobre o aparato dixestivo.—Estados funcionais tan contrarios como a *y-astenia* y-a *hipertensión gástrica*, ou com-o *hípo* y-a *hipercloridia*, foron tratados pol-as augas de Mondariz con éxito. Tamén s'outen resultados benéficos n-os casos de *úlceras gástricas*, de *catarro crónico do estómago* e de *gastrite*.

Enfermedades entestinaes.—A *constipanza*, as *diarreas crónicas*, y-as *enterocolitis* son casi sempre corrixidas co'a usanza das augas de Mondariz axudada por un réximen ad hoc.

As augas de Mondariz embotelladas.—Debido á boa combinación dos elementos mineirizadores, o escaso d'ácido carbónico y-o sistema centífico e práctico d'embotellamento, as augas de Mondariz son levadas a todos os países sin perder ningunha das súas virtudes curativas.

A instalación pro embotellamento das augas de Mondariz pódese asegurar qu'é a máis completa d'Europa.

Si se toman as augas de Mondariz como medicamento, deben tomarse cando o estómago está valeiro, antes do almorzo, do xantar e da cena e na forma que aconselle o médico.

Poden tomarse como inmolorable anga de mesa, soas ou c'o viño, abrindo n-iste caso o apetito y-axudando a facer a digestión.

Con xarabe, whisky, coñac ou zume de limón con zure, fan un refresco moi sano e que sabe moi ben; y-en mescolanza c'o leite constitúen un tratamento complementario.

As botellas deben terse tumbadas en sitio fresco e seco.

O ESTABECEMENTO

N-un cercado con xardís, están empra-dolos edificios que constitúen o Estabrecemento Balneario de Mondariz.

Gran Hotel.—Foi acabado o ano 1898; téñ tres corpos; compónse de pranta baixa, entresuelo, principal, primeiro e segundo piso. O polígrafo D. José Echegaray calificouno c'o nome de: «Palacio de las Aguas»; e non estivo trabucado ó calificalo así pois é maxestuoso y-ademais érguese n-o medio d'un bosque pecho.

Comedor xeneral.—Instalado n-a pranta baixa d'hotel, ocupa il solo unha ladeira do edificio é téñ cabida pra 800 persoas.

Salón pra descanso.—Alegre y-agarimoso; das

suas paredes colgan os pranos do Hotel, n-os que o viaxeiro pode esleer o departamento que sea máis do seu gusto pra istalarse, sin necesidade d'andar de riandola pol-a casa adiante.

Baños.—O sobrado hidroterápico non carece de ningún dos servicios recomendados pol-a cencia moderna; a máis dos baños d'auga mineral e d'os de limpeza, hai toda cras de duchas, baños d'asiento pulverizaciós e inhalaciós.

Correos e telégrafos.—Funcionan dende Xunio deica o 6 d'Outono. A oficina corre a cargo de dous oficiais dos carpos lespentivos.

Sobrados pr' habitare.—O entresuelo, principal, primeiro e segundo están destinados á vivienda. Todol-os sobrados son xeitosos, con luz direuta, alumeados pol-a noite con fruído elétrico, e todos illes en iguais condiciós d'hixiene.

O Casino.—Independiente do Hotel, pero en comunicaciós, hai os departamentos do Casino, que se divide en cinco salóns: o de festas, de 22 por 17 metros e 10 d'outura; dous destinados a biblioteca y-escritorio pra homes e pra mulleres; o de billares; y-o do xogo do tresillo, ajedrez e damas, etc. Somentes se toleran os xogos lícitos.

O Parque.—Por fronte do edificio hai un xardín con lugares pra enredar o *croquet* y-o *law-tennis*.

Granxa de Samuil, en Plas.—Esta granxa é un complemento do Establecemento; emprazada a dous kilómetros d'il; hai instalados n-ela toda crase d'*esports*, y-on intresante museo etnográfico y-arqueolóxico.

OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

VENTO MAREIRO
por RAMÓN CABANILLAS.

O ano 1922 sinalase en Galiza por unha grande actividade editorial. Principia o ano co' a reimpresión de *Vento Mareiro*, libro que foi a verdadeira revelación do Poeta da Raza, o noso ilustre compañeiro Ramón Cabanillas, un dos que concebiron a idea da creación d'iste boletín. O Cabanillas leva traballado d'abondo dende hai algún tempo: publicou *A man de Santiña*, o seu discurso d'entrada na Academia Galega; escribiu a *Saga do Cabaleiro do San Graal*, que sairá logo; prepara aínda outras Sagas, e namentras, escribe poemas soberbios que vai publicando en *La Zarpa*. Esquecíamos a gran traxedia *O Mariscal*; que seica áchase xa no prelo. O Cabanillas está no millor; está arestora principando o período de madurez do seu xenio, e NOS ha dar logo cousas suas que han chamal-a atención. Mais elo lle non quita a *Vento Mareiro* o seu fondo valor inicial de nuncio d'unha nova era nas nosas letras, sin xa falarmos do seu mérito intrínseco, porque n-il, o Cabanillas é xa o Cabanillas, e de *Vento Mareiro* son caxeque todol-os versos que todos depredemos de memoria e gozamos en recitar a cotío.

ABRENTE
por VICTORIANO TAIBO.

O que prô Cabanillas foi *Vento Mareiro*, ha o

ser prô Taibo *Abrente*, primeiro libro d'un verdadeiro poeta, xa coñecido dos nosos leutores, pois Taibo é un dos colaboradores que honran as páxinas de NOS. Co Cabanillas y-o Lopez Abente, o Taibo forma a gran trindade da moderna lirica galega. O Taibo é tamén un poeta d'estirpe bondalliana, que fai poemas cheos do forte recendo do mar e das xestas bravas das *falaíses* galegas. E com'os outros dous—que puxeron cada un, un *introito* poético a iste primeiro libro do Taibo, coma pr'armare Cabaleiro ó novo irmán que ven—un poeta de rexa e forte masculinidade, do que a voz sona ben e sona de seu, antr'as voces auroras da Raza que s'ergue de novo. *Abrente* é o primeiro libro que todol-os poetas quixeran ter escrito. N-il, diversas influencias, ben escoleitas, acaen ben na unidade d'un temperamento de verdadeiro poeta, novo e san, sen desmaio e sen moda.

DOUTRINA NAZONALISTA
por RAMÓN VILAR PONTE

Com'ó seu irmán Antón, fundador das Irmandades da Fala e decano do actual movemento nazonalista galego, ó Ramón Vilar Ponte, intrésalle o que hai de central e d'esenial no espertamento da nosa Terra. É com'ó irmán, un loitador, un apóstolo imbuido do monoideismo da redenzón da Galiza, qu'il sinte coa mística esaltación dos repúblicans irlandeses. N-iste libro, d'unha sinxela e des-

pida crareza, fixo, en preguntas e respostas, a ideoloxía do nazonalismo universal, a teoría universal, en astrauto y-en pureza de principios, da liberanza dos pobos. N-unha construción lóxica, d' esas que non teñen volta, desfecendo de paso todol-os argumentos qu' os prexuícios opoñen a cotío, chega caxeque á utopía, na súa teorización, d' un grandor indiscutibel, da futura comunidade das nazós naturaes celbes e soberanas—único xeito, pol-o demais, de salvamento da civilización e da democracia—concepción que latexa xa nos miolos de todol-os homes verdadeiramente modernos. O caso de Galiza áchase tratado na *Doctrina Nazonalista* com' un caso particular d' apricación de principios universaes. Ramón Vilar Ponte escribiu iste libro coa cobiza da divulgación das doutrinas que sostén, e fixo coelo un sinalado servico á causa do Nazonalismo galego.

SAN ANDRÉS DE TEIXIDO
por FEDERICO MACÍFEIRA

O ilustre arqueólogo D. Federico Macífeira

e Pardo de Lama, un dos poucos nomes que sonan nas mais autorizadas publicacións europeas, coñecido pol-as súas investigacións na parte d' Ortigueira, onde realizou importantes descubrimentos, ampliou n-iste libro un folleto xa publicado, onde recolleu unha chea de datos en col do culto do miragroso San Andrés de Teixido. Ten a romaxe d' iste Santo unha enorme importancia folk-lórica y-etnográfica, y-o traballo do Sr. Macífeira é un verdadeiro tesouro de tradicións populares outamente reveladoras do pensamento segredo do noso pobo, e da súa sabencia ancestral. Endexamais saberíamos encarecel-o calado labor d' istos homes que com' o ilustre Macífeira, poñen todo o seu esforzo en desvelaren o pasado d' un pobo, onde se gardan as sementes do seu futuro, e por riba de todo, n-aquella parte do pasado qu' aínda vive na conciencia popular, conservadora do depósito sagro da tradición. O labor do Sr. Macífeira é tamén un labor fundamente nazonalista, e ceais dos máis construtivos e criadores pra mañán.



AGUAS MINERO-MEDICINALES
BICARBONATADO-SÓDICAS
MONDARIZ



CASILLAS

NÓS

SERANTES E COMPAÑÍA

FARIÑAS E COLONIAS

Ponte Mayor y - Ourense

¿QUEREDES VESTIR BARATO E CON ELEGANCIA?

Pois, encargade a feitura
dos traxes na xastreria de

José María Rodríguez

Pereira, 2 - OURENSE

Manuel L. Enriquez

Médico - Oculista

asisten, pago pol-o Goberno español,
as clinicas das Universidades de Zurich
(Suiza) e Wüzburg (Alemania)

Consulta diaria no Hotel Miño :-: Ourense

GRAN CAFÉ "LA UNION,"

O MILLOR SITUADO E DE MAIS CONFORT

BILLARES - VARIETÉS - SEXTETO

Nóvos propietarios: MANUEL VAZQUEZ :-: EULOGIO ALBERTE

PEREIRA, 13

TELÉFONO NÚM. 61

SANATORIO QUIRURXICO D' OURENSE

DIRIXIDO POR

D. Manuel Pol Piñeiro

D. Manuel Peña Rey

Ciruxia xeneral y-especialidads

Ginecología e partos

Instalado en sitio sano e pintoresco (carretera da Loña).

Conta con elementos precisos pr' a boa asistencia dos operados.

Moi logo instalará RAYOS X.

PRA DETALLES DIRIXIRSE A UN DOS DIREITORES

MERQUE VOSTEDE:

NÉVEDA POR FRANCISCA HERRERA GARRIDO

ADORAÇÃO POR LEONARDO COIMBRA

VENTO MAREIRO POR RAMON CABANILLAS

ABRENTE POR VICTORIANO TAIBO

DOCTRINA NAZONALISTA POR RAMON VILAR PONTE

MARANOS POR TEIXEIRA DE PASCOAES

“A NOSA TERRA,,

BOLETIN DECENAL

Idearium das IRMANDADES DA FALA en Galicia e nas colonias galegas d' América e Portugal

PRECIOS DE SUSCRICIÓN . . .	Na Cruña ó mes.	40 céntemos
	Coste d' un número	15 “
	Fora, trimestre.	1'50 pesetas
	América, id.	2'00 “

REDAUCIÓN Y-ADMINISTRACIÓN: PLAZA DE MARÍA PITA, 17, BAIXO. — A CRUÑA

CELTIGA

NOVELA MENSUAL
ILUSTRADA

Números publicados:

SAUDADE ♦ OS CATRO CISNES BRANCOS

Proximo a se publicar:

ALMAS MORTAS

De venta en todas-as librerías ó prezo de 0'30 ptas.

1000
F. Román e Saco

DROGUERÍA

E FARMACIA

Pereira, 19

Teléfono, 28

OURENSE

SOBRINOS DE JOSÉ PASTOR

BANQUEROS

LA CORUÑA - VIGO - LUGO - ORENSE

REALIZAN TODA CLASE DE OPERACIONES DE BANCA Y CAMBIO

Os VINOS do Ribeiro

ARNOYA FINO

Siñifican o máisimun da "delicadeza,"

BODEGAS da Viuda e Fillos de Xoán Fuentes.-OURENSE